Roteiro Roteiro Memoria do silencio seguindo as pistas das irmás Touza de Ribadavia, 08-06-2019

G1803015

con Eva Mejuto, Ramón Estévez, Xoán Manuel Garrido e Inés Touza

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CAFI
roteiros LITERARIOS

Índice

- **Punto 0 –** Primo Levi 03
- **Punto 1 –** Ribadavia 05
- **Punto 2 –** Rúa Progreso, 12 06
- **Punto 3 –** Rúa Progreso, 35 08
- **Punto 4 –** Estación liberdade 09
- **Punto 5 –** Rúa Salgado Moscoso, 21 ... 20
- **Punto 6 –** Rúa Xuíz Viñas, 2 32
- **Punto 7 –** A Tafona de Herminia 53
- **Punto 8 –** Casa de Ángeles Gulín..... 55
- **Punto 9 –** Taberna do Papuxa 58
- **Punto 10 –** Minas de volframio..... 62
- **Punto 11 –** Friera 67
- **Punto 12 –** Ponte Barxa 69

Xoán Manuel Garrido Vilariño

Xoán Manuel Garrido é doutor en Tradución e Interpretación pola UVigo coa tese (2004) *«Traducir a Literatura do Holocausto: Tradución/ Paratraducción de Se questo è un uomo de Primo Levi»* Ese traballo fixo que asumise a tradución ao galego do afamado libro do autor italiano, que Xerais vén de publicar, ***Se isto é un home***.

Profesor Asociado no Grao de Tradución e Interpretación da UVigo, catedrático de Ensino Secundario nas materias de Lingua e Literatura Galega e Lingua Portuguesa. Docente e coordinador das materias Tradución especializada xurídico-administrativa: Francés-Galego-Francés e Xestión de memorias de tradución do MTCI.

Eva Mejuto Rial

Eva Mejuto é doutora en Xornalismo pola USC cun traballo sobre o realismo social no álbum ilustrado: *Álbum testemuño: achegar a realidade ás crianzas*. Traballou na editora Kalandraka e en OQO Editora. En 2017 coordina o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e en 2018 forma parte do proxecto «Capicúa de xestión cultural e proxectos» .A súa especialidade é a literatura infantil e xuvenil. Ten realizado cursos de formación sobre libro-álbum e exercido a docencia no Máster *Libro Ilustrado e Animación Audiovisual* da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Participa habitualmente en encontros co alumnado.

É autora de diversas adaptacións de contos tradicionais a álbums ilustrados. En 2017 publicou *22 segundos*, narrativa para adolescentes. En 2019 publicou en Xerais *Memorias do silencio*, unha novela que se desenvolve en Galicia durante a segunda Guerra Mundial. Outras obras súas son: *A casa da mosca chosca* (2002), adaptación de Eva Mejuto a partir dun conto popular ruso; *Rato de campo e rato de cidade* (2002); *O zapateiro e os trasnos* (2003); *Corre, corre, cabaciña* (2006); *Tres desexos* (2007); *Maruxa* (2014). Colaborou nas obras colectivas: *Los cuentos del camino* (2013), *Minilibros imperdibles 1»* (2016) e *Camiños* (2017). Traduciu as seguintes obras: *As clases de tuba* (1999); *Petra* (2007) e, Soledad (2014). *A cociñeira do Rei* (2014).

José Ramón Estévez Pérez

Graduado de Técnico en Comercio Exterior (Barcelona). Historiador vinculado á vila de Ribadavia. Ten publicado diversos artigos sobre a historia de Ribadavia e a súa bisbarra, en *Faro de Vigo, La Región, La Voz de Galicia*, e en revistas como *Raigame, Diversarum Rerum, Porta da Aira, Shajar, revista da comunidade xudía do Uruguay*… Participou en diversos congresos como as *Jornadas D'Historia dels Jueus de Catalunya*, *Curso de Verano da Universidade de Toledo – Cultura Hispano Judía y Sefardí.* Colaborou na organización de exposición, *A Galiza Xudía*, Pazo de Bendaña (1994), *Sefardismo en Galiza e a súa proxección histórica*, Pontevedra (1998). Asesor do Centro de Información da Cultura Sefardi de Galicia (Ribadavia), presidente do Centro de Estudos Medievais de Ribadavia (2000). É autor do libro *Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro* (2010).

Punto 0 – Primo Levi

Primo Michele Levi, naceu en Turín o 31 de xullo de 1919 e morreu o 11 de abril de 1987. Foi coñecido polo seu traballo sobre o Holocausto e por ser prisioneiro en Auschwitz-Birkenau. Naceu no seo dunha familia xudía liberal. En 1934 entrou no liceo clasico *Massimo d'Azeglio* coñecido polos seus profesores antifascistas, entre eles Norberto Bobbio e **Cesare Pavese**. Levi rematou a escola en 1937 e entrou na Universidade de Turín, onde estudou química. En 1938, o goberno fascista aprobou varias leis raciais que lles prohibían aos xudeus asistir a escolas públicas. Tivo dificultades para atopar un director de tese pero doutorouse en 1941. O seu diploma foi marcado coa expresión *raza xudía*. As leis raciais impedironlle quedar na facultade.

En setembro de 1943, despois de que o goberno italiano asinara o armisticio, Benito Mussolini foi rescatado da prisión polos alemáns. Pasou a dirixir un pequeno estado italo-xermánico no norte de Italia, coñecido como República Social Italiana. O movemento de resistencia italiano fíxose moi activo nesta zona. Levi, xunto con varios colegas, uníronse aos partisanos, coñecidos como *Movemento Xustiza e Liberdade*. Sen ningún adestramento militar, foron feitos prisioneiros pola milicia fascista que entregou a Levi ao exército alemán ao identificarse como xudeu –como partisano teríano fusilado inmediatamente–. Enviárono a un campo de prisioneiros en Fossoli, preto de Módena.

O 11 de febreiro de 1944, foi trasladado a Auschwitz. Levi estivo once meses no campo da morte, ata ser liberado polos rusos. Dos 650 xudeus italianos só sobreviviron 20. Levi sobreviviu por unha conxunción de factores. Sabía un pouco de alemán, polas publicacións que lía; deuse conta que precisaba a toda custa pasar desapercibido, sen chamar a atención nin dos gardas nin dos prisioneiros. A súa experiencia profesional tamén foi de moita axuda: en novembro de 1944 pasou a traballar como asistente no laboratorio de Buna. Así conseguiu manterse á calor dentro do laboratorio. Padeceu escarlatina e iso tamén o salvou porque os demais prisioneiros foran evacuados do campo polas forzas da SS no que se coñeceu como marcha da morte.

Foi liberado o 27 de xaneiro de 1945 pero non regresou a Turín ata o 19 de outubro. Despois de pasar algún tempo nun ex-campo de concentración soviético, embarcouse nunha viaxe ata a súa casa, na compaña doutros italianos, prisioneiros de guerra en Rusia. Durante esta viaxe, pasou por Polonia, Romanía, Hungría, Austria e Alemaña.

Ao regreso a Italia, converteuse en químico industrial na fábrica SIVA. Comezou a escribir sobre as súas experiencias no campo de concentración e sobre a súa viaxe de volta á patria, reflectidas en dous libros. ***Se isto é un home*** foi editado por De Silva. Lanzou o libro en novembro de 1947, nunha edición de 2000 exemplares. A pesar dunha crítica positiva escrita por Italo Calvino, só se venderon 1500 copias. Levi tivo que agardar ata 1958 para que Einaudi reeditase o libro, nunha edición revisada e ampliada. ***A Tregua*** apareceu en 1963, case 16 anos despois, no mesmo ano que gañou o Premio Campiello. Conta a súa longa viaxe despois da liberación de Auschwitz. O libro

consolidouno. Pasou a publicar regularmente no xornal *La Stampa*. Pero el quería ser recoñecido com escritor de ficción. Infelizmente, o seu traballo menos coñecido é unha colección de historias de ciencia ficción moi pesimistas, titulada *Vizio di Forma*.

A ambiciosa novela *Se agora non, cando?*, que conta a historia dun grupo de partisanos xudeus errantes por Rusia e Polonia durante a Segunda Guerra Mundial, gañou os premios Viareggio e Campiello. Levi foi internacionalmente coñecido. Escribiu outras dúas obras de memorias: *Momentos de reparación* trata dos homes que observou durante a prisión no campo de concentración. *O Sistema Periódico* é unha colección de pequenas historias, a maioría episodios vitais con dous contos de ficción que escribiu antes de ser enviado a Auschwitz, todos relacionados cos elementos químicos. A Real Academia de Londres considerouno o mellor libro de ciencia escrito.

Levi xubilouse en 1977 e dedicouse a escribir a tempo completo. Dos libros producidos nese tempo, o mais importante é *Os afogados e os sobreviventes*, análise do Holocausto na que explica que, malia non odiar os alemáns, non os perdoou xamais. Levi morreu o 11 de abril de 1987, despois de caer no oco da escaleira interior do edificio de tres andares onde vivía. Moitos dos parentes argumentan que a caída foi accidental pero a maioría dos biógrafos tende a aceptar a tese do suicidio.

Os que vivides seguros
nas vosas tépedas casas,
vós que atopades volvendo ao serán
comida quente e rostros amigos:
considerade se isto é un home,
o que traballa na lama
o que non coñece a paz
o que loita por medio pan
o que morre por un si ou por un non.
Considerade se isto é unha muller,
sen caleblos e sen nome
sen máis forza para lembrar
baleiros os ollos e frío o ventre
coma unha ra de inverno.
Pensade que isto aconteceu:
mándovos estas palabras.
Esculpídeas no corazón
na casa, na rúa,
ao deitarvos, ao erguervos;;
repetídellelo aos vosos fillos.
Se non, que se desfaga a vosa casa,
que a doenza vos paralice,
e que os vosos descendentes vos torzan a cara.

Primo Levi, *Se isto é un home*, Ed. Xerais (tradución de Xoán Manuel Garrido Vilariño)

Punto 1 – Ribadavia

Ribadavia é un concello ourensán que pertencente á comarca do Ribeiro. Está atravesada polo río Avia, pouco antes da súa desembocadura no río Miño, entre a serra do Faro e a serra do Suído. A zona xa era poboada na época castrexa. Coa chegada dos romanos proseguiu o aproveitamento mineral (especialmente do ouro) e das augas termais. Segundo Estrabón a mediados do século II xa se elaboraba viño do Ribeiro. Posiblemente se corresponda coa poboación romana de Abobrica.

A rexión foi asolada no 754 polas tropas de Abdul-Azis e conquistada no 793 por Abdul-Malek, sendo máis tarde reconquistada por Afonso II. Durante a Idade Media foi coñecida como Rippa Avie. Foi capital do Reino de Galicia entre os anos 1065 e 1071, durante o reinado do rei Don García. No século XII aumentou o seu poder económico, o que derivou nun aumento demográfico. Este auxe coincidiu co dos mosteiros de San Clodio de Leiro, Melón e Oseira e da encomenda da Orde de Malta en Beade. Fernando II concedeulle en 1164 o foro de cidade, entón chamada Bobou, e entregouna a Xoán Arias da Casa de Traba. Na vila prosperou unha comunidade xudía na zona da Porta Nova, que traballaban de comerciantes e artesáns. En 1375 Henrique II de Castela nomeou a Pedro Ruiz Sarmiento señor de Ribadavia e Adiantado Maior do Reino de Galicia polo seu apoio na guerra dinástica contra Pedro I. Así perdeu o status de vila reguenga e iniciouse o señorío dos Sarmiento. En 1386 foi asediada durante nove meses polas tropas do duque de Lancaster, tras o cal foi invadida.

A partir do século XIV comezou a comercializarase o viño a través do porto de Pontevedra cara a: Francia, Portugal, Italia e Inglaterra. En 1476 os Reis Católicos concederon o condado de Ribadavia a Bernardino Pérez Sarmiento pola axuda na guerra contra Xoana a Beltranexa e Pedro Madruga. En 1494 os mesmos reis expulsaron os xudeus dos seus reinos. En 1840 formouse a banda de música da vila, La Lira de Ribadavia, considerada a máis antiga de Galiza. En 1853 a praga do oídio minguou as vides, e en 1892 foron o mildio e a filoxera. Isto provocou que as variedades autóctonas desen lugar a outras máis fortes pero de menor calidade.

Durante a guerra carlista, houbo enfrontamentos entre a banda de Mateo Guillade e as tropas da milicia nacional. Durante a revolución de 1868 estaba de rexedor local Cesáreo Rivera Abraldes, primeiro alcalde do sexenio democrático (1868-1873). Durante o seu mandato organizou unha milicia para defenderse das partidas carlistas. Fundou a loxa masónica Luz de Avia, activa entre 1871 e 1894. O 4 de marzo de 1881 inaugurouse a estación de Ribadavia, a medio camiño entre Vigo e Ourense.

A comezos do século XX xermolou o asociacionismo agrarista, co fin de modernizar os cultivos e para derogar os foros existentes, destacando as asociacións de Ribadavia e San Paio. Tras o Alzamento Nacional o alcalde Benito Gallego Montero foi detido, xulgado e fusilado en Ourense. O concello pertenceu ata 1954 á diocese de Tui-Vigo, pasando nese ano á diocese de Ourense.

Punto 2 – Rúa Progreso, 12 - Club artístico de Ribadavia

O **Club Artístico de Ribadavia** naceu no ano 1914, fundado por membros de **Avia Foot-Ball Club** co que acaba de cumprir máis de cen anos de existencia. En todo este tempo, as mulleres empezaron a ter voz e voto a partir do ano 1992, ata ese momento só forman parte do Club por ser esposas ou fillas de socio, e a partir dese ano cámbianse os estatutos e poden ser socias de pleno dereito da Sociedade. En 2010 formouse unha directiva só de mulleres, ata ese momento sempre foi presidida por homes. Ao longo destes anos, o Club Artístico foi referente da vida social, cultural e política de Ribadavia e bisbarra.

Juan Bande 6 años en 1936 (Ribadavia)[1]

En realidad recuerdo lo que me contaron como el suceso ocurrido días antes de la guerra que conmocionó la villa. El día que un tipo venido de fuera y conocido como 'El Abisinio' mató a un vecino conocido como «O Casqueiro» en la terraza del Club Artístico delante de todo el mundo y por una tontería de juego. El Abisinio era tan bicho que acabaron matándolo sus propios camaradas falangistas. (…) Del comienzo de la guerra y de lo que pasaba cada día nos enterábamos en la calle escuchando la Radio de nuestro vecino, don Ramón Freijido. En casa había una bandera española que se ponía en el balcón cada vez que el Ejército tomaba una ciudad, repicaban las campanas y salíamos a manifestarnos. Recuerdo en la escuela que había en la pared un crucifijo, un retrato de Franco y otro de José Antonio y al acabar las clases cantábamos canciones militares y patrióticas. El día que acabó la guerra yo puse la fecha del principio y del final en la contra de una de las ventanas de mi casa.

Más trágica resulta la narración del asesinato del señor Abraldes, en plena Guerra civil. Una tarde delante del Club Artístico, rebosante de vecinos de pro, un sicario de nombre «El Abisinio», contratado para matar, se acercó al señor Abraldes, conocido por «El Casqueiro», y delante de todos lo mató a tiros. A don Manuel le

[1] https://www.laregion.es/articulo/verano/primeros-dias/201108141655251603 54.html

dolía especialmente el hecho de que nadie, incluido el que se hallaba presente, reacionaron para evitarlo o detener al matón[2].

——————————————— Texto 1

Non falo nunca diso, sei que a Xulia e Amparo non lles gusta, pero eu non me esquezo do que aquí pasamos, como os fascistas aproveitaban a contenda para vingarse das vellas rifas entre veciños. Calquera escusa servía. O peor, o ***Abisinio****, o cabrón fillo de puta, Deus me perdoe, que contrataron os da Falanxe. Andaba todo o día coa pistola na man e a pouco que alguén o amolaba un cacho, pegaba dous tiros e deixábao seco diante de todo o mundo, sen dar chío. Matilde contoume que o viu cos seus propios ollos rifar cun paisano por non querer erguer o brazo co «Cara al sol» e, diante de todo o mundo, puxo o home de xeonllos na rúa e coseuno a tiros. Sen mover unha pestana. Despois inventaba que o defunto era comunista. Mentira todo, facíao por chularía e por maldade... E estes nazis, polo que contan na radio, son aínda peores.*

(páxs. 25-26)

[2] https://www.laregion.es/articulo/historia-en-4-tiempos/recuerdos-alcalde-ribadaviense/20091002122929462085.html

Punto 3 – Rúa Progreso, 35 - Asociación Cultural Abrente

A **Agrupación Cultural Abrente** non aparece de súpeto, pois xermola logo duns precedentes que adoptan en Ribadavia un perfil singular. Sen a presenza en 1967 na vila condal dos etiquetados como *«curas comunistas»* –**Miguel Fernández Grande, Virxilio Rodríguez Silva** e **Benito Sieiro Rodríguez–**, sen o concurso dunha figura esencial como Xesús Sánchez Orriols e dun intelectual como o médico e historiador Rubén García Álvarez, o acontecido despois de 1969 non tería doada explicación. Estes tres curas fundan o **Club parroquial** no ano 1967. O seu labor dinamizador a prol da cultura e próximo ao pobo e á mocidade non é tolerado pola xerarquía eclesiástica e son desterrados polo bispo Temiño.

A **Agrupación Cultural Abrente** constitúese o 8 de novembro de 1969 da man de José Luis Chao, Ernesto Chao, Carmen Escudero, Lucinda Rodríguez, Luisa del Carmen Escudero, Alejandro Álvarez, Francisco Javier Chao, Rita María García, Margarita Dávila e Manuel Lourenzo.

A agrupación estaba formada por distintas seccións cada unha ao cargo dun vocal quen nomeaba os sete membros da correspondente comisión, que eran responsables das actividades de cada unha desas seccións (Conferencias, Literaria, Teatral, Cine-club, Artístico-musical e Deportes). Estas foron variando segundo os intereses e a dispoñibilidade dos socios.

Neste momento a lingua non gozaba dun bo auxe, o mesmo que a cultura, polo que esta agrupación pretendía que o teatro galego funcionase como obxecto normalizador da lingua. Este é un dos principais obxectivos xunto coa promoción de toda clase de actividades culturais, primordialmente entre a xuventude e sen fins lucrativos, mediante a organización de conferencias, representacións teatrais, audicións musicais, proxeccións cinematográficas de cine-club, así como a práctica de deportes e en xeral a difusión da cultura na súas distintas manifestacións; tal e como se manifestaba no escrito dirixido ao gobernador.



A agrupación decidiu centrarse na promoción do teatro tras unha etapa de desánimo e desorientación; finalmente isto deu un obxectivo claro e un sinal de identidade a Abrente. Esta promoción viña dada pola creación das ***Mostras*** que comezaron no ano 1973 e foron consecutivas até 1980. Dende a *I Mostra* compróbase a variedade das representacións de teatro comezando polos autores máis clásicos, como Rafael Dieste, ata os máis actuais, como Carlos Casares. As causas que motivaron o remate das *Mostras de Abrente* foron sen dúbida os cambios políticos do Estado e as novas actitudes que deste derivaron.

Punto 4 – Estación liberdade



A estación foi inaugurada o 18 de xuño de 1881 coa aperta do tramo Ourense-Arbo da liña que pretendía unir Vigo con Monforte de Lemos. A súa explotación inicial quedou a cargo da Compañía do Ferrocarril de Medina a Zamora e de Ourense a Vigo. Esta xestión mantívose ata 1928 cando foi absorbida pola Compañía Nacional dos Ferrocarrís do Oeste de España, compañía pública creada para xestionar varios trazados, en xeral deficitarios, do oeste do país. En 1941, Oeste foi unha das empresas que se integrou na recentemente creada RENFE.

Estación liberdade[3]

Un home de estatura elevada, barbudo e sucio, tapado cun abrigo de esmoleiro, está anicado nunha esquina do único banco de madeira da plataforma. Leva todo o día mirando de esguello pasar vagóns Miño abaixo. Cae a noite de abril sobre a estación de ferrocarril de Ribadavia. A voz sae desde o quiosco, famoso polas rosquillas, doces

[3] Paco Rego, *La gallega que salvó a 500 judíos, El Mundo*, Ano XX, domingo 12 de outubro de 2008.

de améndoa e licor de café, que rexentan as irmás Touza: *«Mira ese home, leva todo o día aí sentado sen coller un tren...».* Ano de 1941. Europa desángrase na II Guerra Mundial. Os xudeus que poden foxen ata a mesmísima fin do mundo para escapar das lapas do Holocausto. Lola, unha das irmás da cantina, non dubida en achegarse ao forasteiro. Fálalle en castelán. El responde, cos seus tristes ollos azuis, en linguas que ela non comprende. Compaixón, instinto? A galega nunca explicou por que lle deu acubillo na súa casa a aquel desfarrapado. Pero fíxoo.

Aquí comeza esta historia de tres irmás que salvaron a vida a máis de 500 xudeus. As tres irmás nunca lle comentaron aquela operación tan arriscada a ninguén que non fosen elas e quen formaba a rede que teceran para evitar a morte de xudeus. O nome daquel fraco xudeu-alemán dos ollos azuis, chegado de Lyon, de onde escapou do campo de concentración cun asturiano ao que as balas nazis mataron tras a fuxida, foi un dos moitos que Lola e os seus valentes cómplices levaron á tumba, pero non foron os seus familiares os que descubriron o xuramento de silencio que as Touza fixeron en vida, se non un vello xudeu neoiorquino que por 1964 quixo saber que fora daquela muller que o levou unha noite sen lúa á liberdade, alén da fronteira. Chamábase **Isaac Retzmann** e, como tantos outros salvados polas irmáns Touza, puido alcanzar América en 1943. Retzmann coñecera a un emigrante galego na Gran Mazá, **Amancio Vázquez**, e, sabendo que este volvía ao seu país natal de vacacións, pediulle encarecidamente que preguntase polas irmás Touza. Tiña 70 anos e unha delicada saúde que lle facía

presaxiar unha morte anticipada. A encarga terminou chegando a un libreiro de Vigo, **Antón Patiño Regueira**, e con el empezou a iluminarse esta historia oculta. Antón interesouse pola historia e reuniuse con elas; pouco antes da súa morte, no ano 2005, e deu a coñecer os feitos no seu libro *Memoria de ferro*.

De Lola Touza, a máis bela das irmás, sabíase que a súa imaxe ilustrara unha estampa que circulou pola fronte de guerra do 36 para animar ás tropas, que os nenos de Ribadavia aproveitaban os recreos do colexio para ir ao seu quiosco para probar deliciosos doces caseiros, e que era unha nai solteira máis, das moitas da época. O que ninguén sospeitaba era que a popular muller da cantina valía moito máis polo que calaba.

Abraham Bendayem, Isaac Retzmann, un tal Ariel... En Xerusalén seguen reunindo testemuños e nomes para elaborar a longa lista de quen lle debe a vida. Os cálculos máis conservadores falan de case 400 xudeus salvados –exactamente 384, o que matematicamente equivalería a dúas persoas por semana durante os catro anos, 1941 a 1945, que se mantivo activa a rede de escapada–. Aínda que estimacións máis realistas sosteñen que o número podería superar o medio milleiro.

As irmás Touza, Lola, Amparo e Julia, vivían nun peculiar casino, no que se xogaba ás cartas, e había un salón de baile, lugar tamén no que as irmás, nos duros anos da posguerra daban para comer e ofrecían roupa a xente que se vía obrigada a emigrar en busca de traballo. Rexentaban ademais un quiosco, a cantina da estación de tren de Rivadavía, co que estaban ao tanto da clandestinidade acaecida tras a guerra, sendo un zulo da cantina o agocho que utilizaban algúns veciños para gardar o Café Sical que conseguían de contrabando.



A súa casa estaba separada tan só uns metros das xanelas do Concello da Vila onde se encerraban ao principio aos presos durante a Guerra Civil. Elas levábanlles comida, e desde a cantina da estación, axudaban tanto aos presos que eran transportados en convois aos cárceres de Vigo como aos soldados que se apertaban en vagóns de camiño á fronte

(moitos case nenos). Foron encarceradas durante a Guerra Civil por socorrer a presos.

Con aquel home da plataforma, as irmás Touza empezaron a tecer unha rede de fuga (din que a máis importante da península). Esta rede iniciábase en Girona, na fronteira con Francia, e nun primeiro tramo chegaba ata Medina del Campo, e desde alí continuaba ata Monforte e Rivadavia, onde adoitaban chegar os xudeus perseguidos á noitiña (xudeus e outros perseguidos chegaban a Ribadavia marcados e contactados desde Monforte). As ligazóns conducíanos ata elas na súa cantina da estación e corrían cos gastos de coches e guías que esperaban alén da fronteira. Na fase final, eran levados á fronteira portuguesa, e desde o País veciño embarcaban rumbo a América ou portos do norte de África. O Cantábrico era máis perigoso por estar máis controlado polos alemáns. Para este labor, rodeáronse de colaboradores fieis ata a morte, José Rocha Freijedo e Javier Míguez Fernandez (O Calavera), ambos os dous taxistas, Ricardo Pérez Parada (O Evanxelista), un toneleiro que aprendera inglés e polaco sendo emigrante en New York e facía de tradutor, e o barqueiro Ramón Estévez. Segundo o roteiro que elixise Lola (tiña 3: por carreiros, por estradas de terceira e cruzando o Miño), actuaban os seus cómplices, heroes anónimos tamén.

Cos bailes organizados no casino, non só sacaban uns cartos extra para capear as penurias da posguerra, se non que facían caixa para a súa causa clandestina. Ramón Estevez Arango di de Lola que *«ao seu lado ninguén pasaba fame. Vendía calquera cousa con tal de axudar a un só xudeu, porque era unha persoa extremadamente xenerosa».*

Ahora se explica tamén Guillermo o sentido de «a*quella cama que descubrí un día en el faiado de la casa, siempre oscuro, escondida entre las enormes vigas».* A partir dos anos 60 foron coñecendo que a casa refuxiaran varias persoas despois da Guerra Civil, entre elas un cuñado que estivo catro anos agochado.

Co diñeiro conseguido, pagaban algúns favores, e o resto dábanllelo aos xudeus escapados.

Ningunha das tres irmás casou. Lola era nai solteira, e o seu fillo morreu sen saber as fazañas da súa nai. Nos anos 50, Lola, Amparo e Julia deixaron a actividade do casino e dedicáronse a atender só a cantina da estación. Lola morreu en 1966 dun ataque ao corazón na cantina, como apunta o seu neto *«coas botas postas».*

O nome en clave de Lola era: **a nai**. As irmás eran: **as nais.**

Que pasou co home da plataforma, grazas ao que empezou esta historia?, aquel home barbudo e sucio de tristes ollos azuis, chamábase Abraham. Ramón tiña 17 anos cando bateu de fociños con esa realidade que ninguén na vila parecía ver. Era unha mañá de 1941, Lola achegouse a Francisco Estévez mentres descargaba un vagón de ladrillos, xunto ao seu fillo e preguntoulle: *«Cando ides de pesca?, necesito que me fagades un*

favor. Teño aquí a unha persoa que quere pasar a Portugal, pero non quere facelo en tren nin por estrada». Lola oíra que dous axentes da Gestapo merodeaban polos arredores da vila buscando un xudeu-alemán que escapara. *«O meu pai, por aprecio a Lola, non o dubidou»*, rememora Ramón. Esa mesma madrugada, ás 4, Francisco e Ramón Estévez acudiron á casa de Lola armados coas súas canas de pescar. Déronlle unha cana ao home, e dixéronlle que non falase. Marcharon directos á beira do Miño, e botaron a andar toda a noite.

Ninguén podía sospeitar debido a que era normal que os pescadores saísen a esas horas en busca dun sustento para matar a fame, pero polo si ou polo non, Francisco quedou atrás mentres o seu fillo e o estranxeiro aceleraban o paso. Horas máis tarde, chegaron á Frieira, aldea galega que linda con Portugal. O alemán preguntoulle ao rapaz se lle importaba que se quitase a roupa, e ao responder este que non, dobrouna e atouna á cabeza co cinto do pantalón. Díxolle a Ramón, *«lembrareite toda a vida, amigo»* mentres lle daba un duro de prata alfonsino, e botouse á auga, alcanzando pouco despois a beira portuguesa. No antebrazo levaba tatuado o número 451, e dixo que se chamaba Abraham Bendayem.

Abraham era aquel home da estación de ferrocarril, o dos tristes ollos azuis, barbudo e sucio, co que Lola abriu o roteiro clandestino –din que o máis importante da Península– pola que centos de xudeus gañaron a salvación. Lonxe da súa terra prometida. Os máis, alcanzaron as costas de Estados Unidos, Brasil, Arxentina e Venezuela. Outros escaparon a África, sobre todo a Marrocos e Alxeria. Grazas ao boca a boca e á eficaz organización da comunidade xudía, o nome de Lola estendeuse por Europa.

Todo empezaba coa chegada dun convoi sinalado á estación de Ribadavia. Lola esperaba coa súa cesta chea de rosquillas, caramelos e doces de améndoa nas mans. Ás veces ofrecíaos polos portelos desde a plataforma. Outras veces subía ao tren e percorría os vagóns coa súa mercadoría. Era entón cando se atopaba sempre con alguén que lle anunciaba a chegada inminente (día, hora e vagón) dunha nova quenda de xudeus.

Os días de chegada, Lola era a primeira en abandonar o quiosco. A mensaxe de que uns xudeus arribarían nas próximas horas corría rápido aos oídos do Calavera. E no silencio da noite elixida, consumábase a fuga daqueles desesperados a bordo do seu taxi, un Dodge negro americano. *«Quen mo ía a dicir, Meu Deus...».* Falando coa xente da vila, todos se estrañan. *«El foi lexionario. Que lle parece? Estivo de chofer de Millán Astray. E con aquel aspecto de home duro que tiña... Que orgullosa estou del».*

«–Nunca lle fixo un comentario?
–Xamais. O único que nos dicía na casa era que non quería comer peixes do Miño.
–Por que?
–Dicía que estaba contaminado. Logo soubemos que na guerra os de Franco e os do outro bando tiraban a cantidade xente desde unha ponte que cruzaba o río. Aos que se

agarraban aos ferros cortábanlles as mans. Moitos morreron afogados ou desangrados. Por iso o meu pai nunca quixo comer peixes».

Talvez non fose Lola a única que estaba na diana da Gestapo. Segundo vai tirando da historia o seu neto Julio, ao parecer, o servizo secreto británico contaba en Vigo cun espía que seguía de preto os pasos dos alemáns. Chamábase **Eduardo Martínez Alonso**[4] e era médico. *«É moi probable que coñecese á miña avoa»,* baralla o arquitecto. As súas informacións foron recoñecidas polo Goberno das Illas coa Medalla ao Valor, en 1945. *«Estes días pedinlle ao MI5 que busque os nomes da miña avoa e das miñas tías nos seus arquivos. Dixéronme que pronto desclasificarán algúns papeis da guerra. Quizais aí estea a lista que andamos buscando».*

Texto 1

Apertábanlle as botas nos nocellos. Coa calor inchábanselle os pés, e a bota cortáballe a circulación. Se o vagón estivese baleiro quitaríaas, e tamén os calcetíns, que lle chegaban ata os xeonllos, e poñería os pés a airear. Aínda que estaba ben

[4] **Eduardo Martínez Alonso**, naceu en Vigo en 1903 e finou en Madrid o 29 de maio de 1972. Era fillo dunha familia burguesa, o seu avó era Antonio Alonso Santodomingo, industrial conserveiro fundador de Palacio de Oriente, e o seu pai cónsul de Uruguai. O seu pai primeiro estivo destinado en Glasgow, onde Eduardo se traslada con oito anos (1912) e logo en Liverpool en 1918. É pois nesta cidade inglesa é onde Eduardo Martínez Alonso estudou Medicina, na Universidade de Liverpool. Trasládase a Madrid, onde entra a traballar no hospital da Cruz Vermella. Alí prospera e convértese no médico das embaixadas do Reino Unido e dos Estados Unidos. Tamén casa por primeira vez cunha moza británica, que o abandona e marcha ao Reino Unido. A guerra civil española cólleo en Madrid e traballa como doutor para o bando republicano durante o sitio de Madrid. Alí critica as ordes dos seus mandos, o doutor Julio González Recatero, o que fai que teña que abandonar a cidade ás agochadas. Xa do bando nacional, é destinado como médico á fronte do País Vasco e posteriormente a Zaragoza. Ao remate da Guerra envíano ao hospital militar de Madrid, onde se ocupa do andazo de tifo, e onde logo se fai cargo dos servizos médicos da embaixada británica, así como da asistencia aos presos do campo de concentración de Miranda de Ebro. Nesta época casa de segundas cunha moza galega, se ben para os efectos da lei española franquista, que non recoñecía os matrimonios civís realizados con anterioridade, foi a primeira voda. Na segunda guerra mundial é recrutado nos servizos de espionaxe británicos, o MI6. Durante a ocupación nazi de Francia, serviu de enlace para a evacuación de perseguidos a través de España. Coordinado co capitán británico Alan Hillgarth, acollía os refuxiados na súa casa de Vigo ou de Redondela e dende alí embarcábaos cara a América ou cruzaban o río Miño en dirección a Portugal. Despois da guerra regresou á vida civil, e continuou co exercicio da medicina en Madrid, onde foi xefe do Servizo de Cirurxía Torácica do Hospital Central da Cruz Vermella.

lonxe dos seus superiores, non se atrevía a facer tal cousa. As normas de vestimenta da Schutzstaffel[5] eran ben estritas a ese respecto: NUNCA e baixo ningún concepto un soldado debe perder a compostura do seu uniforme; era parte do seu poder, da súa forza. Quedáralle gravado a ferro e seguiuno aplicando cando mudara da SS á Gestapo[6].

Desde que entraran no tren en Vigo, a xente deixara de falar, de moverse, case de respirar. A súa presenza non provocaba reaccións tan fulminantes coma en Alemaña ou Austria, onde cada vez que entraba nunha casa, nunha tenda, nun tren, escoitaba caer as pingas de suor da xente, sentía como esvaraban das tempas ao pescozo, formando regueiros polos seus rostros. Fixérase experto en cheirar o medo. Si, si, o medo cheiraba dun modo especial. Non era a suor só, era algo máis acedo e, por veces, doce. Non sabía como explicalo pero el era quen de detectar, coma un sommelier percibe notas e detalles nos viños, os distintos matices do medo.

De cativo, na escola e no barrio chamábanlle Monsternasse polo seu nariz longo e afiado. Era pequeneiro de máis para o seu tempo e o seu descomunal nariz resaltaba dunha forma indigna. Ou iso pensaba el. Günter Monsternasse, Günter Monsternasse, aínda lle parecía estar sentindo como se burlaban e lle berraban no patio da escola. Agora xa ninguén se mofaba del. Agora temíano e púñanse ergueitos ao seu paso. Agora ría el e quen ri o último…

(…)

Jörg arrincárao de novo das lembranzas e desta vez fixera ben. Non podía baixar a garda. O obxectivo desta visita era, sen dúbida, a súa misión máis importante ata o momento: localizar os responsables dunha trama

---

[5] As **Schutzstaffel**, literalmente 'Escuadras de Protección'; abreviado **SS** ou estilizado **ϟϟ,** foron unha organización militar, policial, política, penitenciaria e de seguridade ao servizo de Adolf Hitler e do Partido Nacionalsocialista Obreiro Alemán (NSDAP) na Alemaña nazi, e despois por toda a Europa ocupada polos alemáns durante a Segunda Guerra Mundial.

[6] A **Gestapo** (contracción de *Geheime Staatspolizei*: 'Policía Secreta do Estado') foi a policía secreta oficial da Alemaña nazi, dirixida desde 1936 por Reinhard Heydrich ata a súa morte no atentado de Praga en 1942. Formada por oficiais de policía de carreira e profesionais do Dereito. A función da Gestapo era a de investigar e combatr «todas as tendencias perigosas para o Estado». Tiña autoridade para investigar os casos de traición, espionaxe e sabotaxe, ademais dos casos de ataques criminais ao Partido e ao Estado. A norma de 1936 que regulaba a súa actuación outorgoulle carta branca e situouna por encima da lei ao excluíla de calquera forma de control xurisdiccional. En particular, foi eximida de responsabilidade ante os tribunais administrativos, os que ordinariamente se encargaban de resolver os litixios que os cidadáns dirixían contra o Estado se consideraban que a súa actuación non se axustaba a Dereito. O poder da Gestapo que máis lle permitía abusar era a Schutzhaft ou 'custodia preventiva', un eufemismo para designar os encarceramentos sen procedementos legais, tipicamente en campos de concentración. A persoa encarcerada mesmo tiña que asinar o seu propio *Schutzhaftbefehl* (documento onde declaraba o seu desexo de ser encarcerada).

internacional que axudaba a fuxir os xudeus desde o norte de Europa ata Portugal. A intelixencia alemá detectara que os fuxidos entraban polos Pireneos, non sabían o lugar exacto, e que había outro punto de enlace en Medina del Campo. Sospeitábase que a rede guiaba os prófugos por toda a Península e a conexión final ficaba no sur de Galicia, unha vila con tren preto da fronteira con Portugal. Os seus superiores pensaron en Vigo pero Günter, que tiña ben estudada a rexión, tiña claro que se trataba de Ribadavia. Era un pase moito máis discreto xa que en Vigo, co tránsito comercial do volframio, había moito control alemán. Facer pasar por alí os fuxidos sería metelos na boca do lobo. O seu olfacto, a súa intuición, non lle fallara nunca. Outra das filtracións que recibiran apuntaban que o enlace da última parte da rede podía tratarse dunha muller, que actuaba co nome en clave da Nai, como detectaran en varias mensaxes en clave. Mais iso descartárao de raíz. Ás veces o inimigo, cando sospeitaban que estaban a ser interceptadas as comunicacións, mandaba mensaxes falsas á mantenta. Neste caso, era ben seguro. Á quen lle cabía na cabeza tal necidade? El había dar coa verdade e destapar a trama, polo Führer, polo seu pai, pola grande Alemaña, aínda que fose o último que fixese nesta vida.

(páxs. 9 - 18)

——————————————— Texto 2

Mañá é o gran día. Só teño que coller o tren desde a estación da vila onde estou, Monforte, ata outra que se chama Ribadavia, máis ao sur, e alí buscar unha muller. O único que me dixo o enlace que contactou comigo en Medina del Campo é que o seu nome clave é A Nai, que preguntase por ela no quiosco da estación. Vinme reflectida nun vidro e non me coñezo. As roupas que me facilitaron son como as das campesiñas de acó. Van todas de negro, a morte pasoulles ben preto tamén. Déronme un rosario, para facer que vou rezando. Eu, que nunca crin en Deus, carguei cunha estrela amarela primeiro e agora cun crucifixo. A cousa non é para rir pero, cando me vin, non puiden evitar soltar unha gargallada. Se estivese aquí a avoa Ria ía quedar contenta de verme rezar (máis ben facer que rezo, que oracións non sei nin a primeira). Repaso de memoria as partituras das composicións favoritas de papá e as túas, e con cada compás cambio de doa. Lembras as rifas que tiñan pola relixión, a avoa Antje, xudía de pura cepa, e a avoa Ria, católica a ultranza? Ata que decidiron poñer fin ás reunións familiares. Canto dano se fixo no nome de Deus…

Xa é noite pecha. Teño que lembrarme de agachar as mans cando chegue ao tren. As miñas nótanse ben que non son mans de labrega. Son as mans de tocar o violonchelo, de levar batuta, as mans da primeira muller directora de orquestra, como dicían con grandes titulares os xornais de Holanda, Alemaña e Francia. Mans tamén de falsificar documentos e de poñer bombas, Bob. Non tiven tempo a contarche o que foi a miña vida nestes últimos tempos. Tiñamos que falar máis mentres puidemos. Non dou asimilado que nunca máis nos volveremos ver. TIC TAC, soa o reloxo na escuridade da noite neste refuxio onde hoxe toca durmir. TIC

TAC, soa o ar nas follas e parece que quere afinar os instrumentos. TIC TAC, empeza a orquestra. TIC TAC, collo a batuta. TIC TAC, a música empeza a soar.

(páx. 38)

——————————————— Texto 3

–Melindres, pan fresquiño, licor café!
A muller que entrara no vagón lembráballe a Ilse, non sabía por que. Mirouna e ela non só non baixou os ollos cara ao chan, senón que lle correspondeu cun sorriso.

(páx. 49)

——————————————— Texto 4

Cando a vin, souben que era ela. Polo aspecto podía ser ben de aquí, morena, de ollos escuros, vestida de negro, cun pano na cabeza e un rosario nas mans, non puiden evitar rir co da mensaxe da prima Rosario, aí a clave da cuestión. Collíao con pouco xeito, e penso que non sabía moi ben como se usaba, agarrábao coas dúas mans tocando as cotas de cada lado á toa. Levaba un fardel pequeneiro e un lapis na man cun caderno no que, de cando en cando, escribía. (…)
A muller do rosario estaba sentada nun banco, cos ollos no chan mais, de cando en vez, erguía a cabeza e miraba ao redor, de esguello. Tanto tempo convivindo coa clandestinidade acabas por captar o que ninguén ve e, sobre todo, o que ninguén cre que se pode ver. Os dous alemáns andaban na cantina, onda Xulia, tomándolle licor café cos da Garda Civil. Aínda ben que os entretivo cos melindres e as copas porque o alemán espelido ese do nariz longo anda a todo, axexando coma un moucho, que mala espiña me dá o tipo. (…)
–Prima Rosario, bos ollos te vexan por Ribadavia! Caramba, estás ben guapa. O tempiño que hai que non te vemos por aquí.
A sorpresa de verme ir onda ela toda efusiva duroulle apenas un segundo e ergueuse con seguridade, correspondendo ao meu abrazo e aos meus bicos, coma se nos coñecésemos de toda a vida. A boca non a abriu, grazas a Deus, e marchamos de ganchete as dúas para a casa, facendo que laretabamos animadamente. De camiño tiñamos que pasar diante dos alemáns e o cabo López. Esa era boa. O mellor era actuar con tranquilidade pero tiña o corpo feito un flan e ata me tremía. (…)
Marchamos as dúas a paso ben lixeiro e ata chegarmos á casa nin respiramos. As pernas non me deixaron de tremer en todo o camiño. Ela andaba segura, parecía bastante tranquila. Ao chegarmos ao castelo, supoño que polos nervios, entroume unha risa parva que non podía controlar. A risa contaxia máis que a gripe e

comezamos as dúas tolas pero é que a escena fora esperpéntica. Cando puiden parar, deille a man:
–Son Lola, imos para a casa comer algo. Vaia susto…
Sorprendeume a súa reacción, colleume da man e deume un bico nela, como nas películas.
–Enchanté! O meu nome é Frieda.

(páx. 83-91)

——————————————————— Texto 5

Lola, Amparo i Julia, las de Ribadavia[7]

Dia de alhad, el 2.9.2007, se selebro en Ribadavia la 8ª Jornada Europea de Kultura Djudía, por inisiativa del "Centro de Estudios Medievales" ke su prezidente, Jose Luis Chao Rey, aze grandes esforsos para la evokasion de muestra intra-istoria. El me dio, kon esta okazion, un exemplar del livro de Anton Patiño Regueiro ke kon el títolo de Memoria de Ferro trata de los sangrientes epizodos de represion durante los primeros días de la Gerra Sivil.
En las ultimas pajinas de dicha ovra i en otro konteksto ya ajeno al pleto fratrisido, se revelan kon el títolo de "Lola, Amparo e Xulia, as de Ribadavia" sorprendientes aspektos de la vida de unas abitantes de la sivdad.
Las ermanas Touza konosidas komo "Las de la Kantina" porke dirijian este establesimiento en la estasion de tren de Ribadavia, eran ijas de Ines i de Guillermo, famozo propietario de "El Liseo" i muy kapache barman ke yamo la atension de la infanta Isabel, "La Chata", en su vijita a la sivdad en 1914, por su kapachidad a la ora de kitar los tapones de bokales de shampanya.
Era en esta kantina, en una epoka en la kuala las lokomotivas a karvon obligavan a azer largas paradas afin de tomar karburante, onde se ofresian produktos kon denominasion de orijin: vino del Ribeiro, roskitas echas en kaza, likor de kafe de Juana Gayego i pechugas de indianas de Beade y Vieite. Esta aktividad se komplementava kon la vendida ambulante en el tren, durante el kurto traje entre las estasiones de Barbantes i Filgueira, onde la prezensia abitual de Amparo kon sus dulses avizava al viajador ke ya estava serka de Ribadavia.
Asta aki los datos de una biografia transparente de tres ermanas solteras en la kapitala del Ribeiro, en la dekada de los kuarenta; ma fue sin duda esta manera de vida ke las aria protagonistas de una aktividad tan klandestina komo peligroza durante la Segunda Gerra Mundial.
En la istoria de la kuala tratamos, Patiño Regueiro senyala a las tres mujeres komo miembras de una red dedikada a ayudar a los djudíos ke venian de Evropa, fuyendo de las persekusiones nazistas. Eyos yegavan de Monforte a la kantina de la estasion onde eran arekojidos i eskondidos por las Touza en sus kaza. La organizasion kontava kon el apoyo lojistiko de dos shoferes de taksi, Javier Míguez i Rocha ke en oras de la noche se enkargavan de yevarlos a la frontiera de Ponte Barxas. Tambien

[7] Lolín Lira Pousa, *Lola, Amparo i Julia, las de Ribadavia* en *Aki Yershalayim*, nº 83.

ayudava a esta operasion Ricardo Parada, "El Protestante", ke despues de sesh anyos en Estados Unidos avlava kon fasilidad tanto en inglez komo en polako, i servia de interprete en estas tan peligrozas sirkonstansias.

Kuando las lokomotivas de vapor fueron remplasadas por las diesel se dio un salto kualitativo en el mundo de las komunikasiones por tren i desde entonses las largas paradas de antes fueron akurtadas de tal manera ke al viajador no le kedava tiempo para ir a la kantina. Komo konsekuensa de esto el lavoro menguo muncho asta ke en los anyos setenta Amparo i Julia serraron definitivamente el kiosko. Atras kedavan munchos anyos de lavoro i de peligroza aktividad en la kuala, movidas solamente por amor al proksimo, las tres ermanas ovraron kon la profesionalidad de un personaje de John Le Carré.

La kaza familiar en la kaye Juez Viñas, serka de la Plaza Mayor, onde fueron resividas i eskondidas sienes de personas ke fuiyan del Olokausto, esta vazia desde ke, en 1983, murio Julia, la ultima de las tres ermanas. En estos dias kuando la sivdad selebra sus fiestas mas populares kon la partisipasion de los ribadavieneses "de toda la vida", el rekuerdo de estas ermanas se aze espesialmente bivo grasias al revelador livro de Patiño.

A falta de un rekonosimiento institusional, sea este artikolo un diskreto omenaje a estas tres mujeres devuadas - Lola, Julia i Amparo - ke sus kaza reprezentava, para los refujiados ke toparon ayi abrigo en akeyas oras eskuras de la Segunda Guerra Mundiala, la antesala de la libertad.

La sivdad de Ribadavia, en la Komunidad Autonoma de Galicia, Espanya, es muy konsiente de la importante kontribusion de los djudios ke bivieron ayi, asta 1492, i esta aziendo un esforso muy apresiable para evokar, investigar i mijor konoser este kapitolo de su istoria. Grasias a la aktividad de su Centro de Estudos Medievais, ya pudo ser identifikado el kuartier de la sivdad onde bivieron los djudios asta sus ekspulsion, i sus sinagoga tambien ke se topava en uno de los edifisios de la Plasa de la la Magdalena, de la kuala traemos aki una fotografia.

Punto 5 – Rúa Salgado Moscoso, 21 - Benito Gallego Montero

Benito Gallego Montero[8] (nado en 1900 e asasinado en Ourense o 9 de febreiro de 1937) era alcalde de Ribadavia e presidente local de Izquierda Republicana cando se produciu a insurrección militar. Formara parte da Corporación municipal ao longo da II República, e logo da vitoria da Frente Popular en febrero de 1936, converteuse no líder do Concello. Tal e como indica o historiador Julio Prada no seu libro *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, o triúnfo da Frente Popular deu paso a un período de gran conflitividade en toda a comarca do Ribeiro. Os enfrontameentos a tiros entre o núcleo falanxista e elementos de esquerda eran numerosos. Porén, a actitude de Benito desde a súa posición de alcalde sempre foi conciliadora. A pesar de formar parte de Izquierda Republicana, un partido laico, e de non ser unha persoa relixiosa, Benito encabezou sempre as procesións en Ribadavia. Tivo que intervir en varias ocasións, xa que había individuos que ameazaban con rebentar a comitiva.

A profesión coa que Benito gañaba a vida e que o levou a ocupar unha boa posición económica foi a de comisionista. Prestaba diñeiro e recibíao con intereses. Benito fixo a mili en África, e alí puido reunir uns pequenos aforros. A súa nai mandáballe un duro cada poucas semanas para que non pasase necesidades. Non malgastou aquel diñeiro e a través de pequenos negocios durante o servizo militar puido xuntar uns aforros dos que vivir cando regresou a Ribadavia. Xa de volta, Benito comezou a xogar en timbas de póker, e debía de facelo con bastante astucia, porque non perdeu os seus aforros, senón que os aumentou chegando a prestar diñeiro e converténdose en comisionista. As timbas realizábanse no **café Moderno** (Rúa Progreso, 51).

E é que este establecemento era bastante innovador para a época: tiña un escenario cun piano no que cantaban coristas ou había

[8] https://es.scribd.com/document/19300684/tio-benito

espectáculos de maxia. Era o núcleo do ambiente nocturno ribadaviense da época e estaba considerado como un lugar un tanto impúdico. Un carreiro escondido entre as casas daba á parte de atrás do café Moderno e foi utilizado para fuxir das autoridades cando o xogo estaba prohibido.

Benito tamén ía xogar a Canarias e traía bebidas desde o arquipélago que logo vendía, o que lle reportaba máis ingresos.

O perfil bohemio de Benito non acaba aquí. Vivía coa súa noiva sen estar casado, e ademais, ela era artista. Chamábase **Pepita Moreno**, aínda que todos a coñecían polo seu nome artístico: **Macarena**.

Era de Jaén e aínda hoxe a lembran como unha muller moi fermosa. A súa relación debeu provocar un gran balbordo na época, xa que estaba moi mal vista a convivencia sen pasar pola igrexa. A familia de Benito nunca lle chamou a atención respecto diso e simplemente facían como senón o o soubesen. Con todo, estaban moi ao corrente de todo o que lle acontecía á parella a través da asistenta de Benito, Clotilde, que aseguraba que estaban moi namorados.

O obxectivo máis importante para Benito como alcalde era manter unha convivencia pacífica. E esta meta preséntase bastante complicada tras o asasinato de Calvo Sotelo. O líder monárquico tiña moitos partidarios e tamén bastantes críticos na comarca. Benito Gallego, seguindo as instrucións do gobernador de Ourense, **Gonzalo Martín March**[9], indicou á Garda Civil que se acuartelase. Tamén dispuxo ao cabo de Carabineiros cos seus homes na entrada do concello. Finalmente, a xornada pechouse sen ningún tipo de incidente en Ribadavia.

---

[9] **Gonzalo Martín March**, nado en Ourense en 1897 e fusilado na mesma cidade o 17 de setembro de 1936. Foi profesor da Academia preparatoria do Instituto de Pontevedra. Militou na ORGA-FRG e posteriormente en Izquierda Republicana. Durante a Segunda República foi alcalde de Marín e gobernador civil de Ourense en 1936. Nos días da sublevación militar de xullo de 1936 conseguiu fuxir de Ourense a Pontevedra, pero foi detido e estivo preso no Instituto de Pontevedra. Xulgado en consello de guerra sumarísimo, foi acusado de traizón e condenado a morte. No proceso, Martín March declárase autor de todo o sucedido en Ourense para evitar o movemento militar, e di que *«si su vida es un obstáculo para la paz que se la ofrenda a España».* Foi fusilado o 17 de setembro negándose a recibir os auxilios relixiosos. Asasinárono con 39 anos.
anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2004PDF/2004%20265-312%20PEREIRA.pdf

Varios coñecidos advertiron a Benito. Recomendábanlle que se fose a Portugal para evitar o golpe de estado que estaba a piques de producirse. El afirmaba que non ía cruzar a fronteira porque non fixera nada do que se tivese que preocupar. Ao contrario, sempre buscou que a legalidade se cumprise. Benito decidiu quedar, e pouco despois produciríase a traxedia.

En varias follas do xuízo sumarísimo de Benito e outros 111 procesados da provincia ourensá, destácase de forma negativa que *«se comportaron como elementos dispuestos a luchar contra aquellos que habían tomado sobre sí el honor y la responsabilidad de desterrar de la mente de los españoles las pesadillas de marxismo»* .

Benito e catro compañeiros ribadavienses foron detidos ás 5 da tarde do 20 de Julio no edificio do Goberno Civil en Ourense. Unhas horas antes, tras coñecer oficialmente o estado de guerra e ante a imposibilidade de establecer contacto telefónico co gobernador Gonzalo Martín March, decidiron dirixirse o máis rápido posible cara á capital provincial. Pretendían que o gobernador lles dese instrucións sobre a estratexia para seguir e decatarse dos efectos do golpe de estado. Desprazáronse á cidade nun automóbil requisado: Benito Gallego, o tenente alcalde **Fulgencio Lorenzo Lira**[10], o máximo responsable da Sociedade Agraria de Ventosela, **Andrés Centrón Rodríguez**[11]; o concelleiro e presidente da Agrupación Socialista de Ribadavia, **Cándido García Corral**[12]; e **Victorino Gómez Álvarez**[13], concelleiro e líder do Sindicato de Campesiños e Obreiros de Beiro. Todos eles foron os primeiros en ser encarcerados pola represión fascista na provincia ourensá.

Durante os dous días anteriores, entre uns 200 e 400 homes congregáronse na Praza Maior de Ribadavia co propósito de defender a República. Foran convocados en diferentes aldeas dos arredores en nome de Benito. Con todo, o alcalde de Ribadavia non dera instrucións para realizar esas proclamas. Os motivos que levaron a facelas no seu nome foron que Benito gozaba de bastante prestixio e, ademais, era unha forma de conducir polos leitos formais a concentración. Benito topouse cunha situación bastante

---

[10] De profesión comerciante. Xulgado en Ourense por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.

[11] De profesión panadeiro. Xulgado en Ourense por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución no Campo de Aragón-Ourense o 09 de febreiro de 1937.

[12] Detido en Ribadavia e trasladado a Celanova. Morte rexistrada na Ponte Pequena de Paradela-Viveiro-Celanova a causa de hemorraxia pulmonar e cardíaca o 03 de agosto de 1936. O seu irmán Ciriaco, residente na localidade natal dos dous, foi paseado en Logroño (10 ou 16-08-19369) .

[13] De profesión lagrego e músico. Xulgado en Ourense por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución no Campo de Aragón-Ourense o 30 de xaneiro de 1938.

complicada: cada vez había máis homes concentrados na praza demandando armas. Finalmente decidiu poñerse á fronte do xentío. Desta forma, el mesmo controlaría os milicianos e evitaría que se producisen altercados violentos ou delitos. A corporación municipal decidiu emitir unha serie de «vales» para cubrir a estancia dos homes reunidos en Ribadavia. Serían custeados polas familias máis ricas da vila, que tamén tiñan a opción de aloxalos nas súas vivendas. Con esta medida buscábase que os fogares con menos recursos non se visen afectados. Pero coa detención de Benito e o resto dos seus compañeiros, a República caeu definitivamente en Ribadavia. A Garda Civil saíu do cuartel e grupos de falanxistas comezaron a tomar o poder. A represión comezara.

Benito pasou oito meses en prisión. Detivérono o 20 de xullo do 1936. Benito é condenado no Consello de Guerra do 24 de xaneiro de 1937 a pena de morte por rebelión militar. As *«probas»* nas que se basearon os seus represores foron as seguintes:

- Festexar o asasinato de Calvo Sotelo nun banquete. Con todo, a Garda Civil acreditou que a cea tivo lugar pola vitoria da Fronte Popular, non polo crime.
- Ir armado.
- Requisar un automóbil.
- Asinar vales que pagaban as familias adiñeiradas.
- Levantar o puño ao estilo marxista, incitando á xente á rebelión.
- Iniciar a subversión no concello.

Non importou que Benito fose un alcalde que buscou en todo momento evitar enfrontamentos. Ao longo dos dous últimos días de Benito como rexedor, ningún militante dereitista, relixioso ou empresario foi atacado a pesar de iniciarse a Guerra Civil. Así consta nunha das follas do xuízo. Pero nin para el, nin para os seus compañeiros, houbo compaixón. **Benito Gallego Montero, Andrés Centrón Rodríguez, Celso González Rodríguez** e **Fidel Blanco Leboso** foron fusilados o 9 de Febreiro de 1937 no Campo de Aragón, no cemiterio de San Francisco de Ourense. Ante o pelotón de fusilamento, Benito animou aos seus compañeiros asegurando que ían ter unha morte rápida e indolora.

Resulta conmovedor ler as últimas palabras:

> *«Querida mamá. Dos letras para decirle que estoy bien y esperando que esto se resuelva, que creo será satisfactoriamente pues yo como nada hice nada temo. Mamá, como comprendo que necesitará dinero, venda las bebidas que yo tengo en casa. Nada más. Muchos besos a Purita ya Eduardito. Y usted reciba muchos besos de su hijo que desea verla».*
>
> *«Querida mamá, hoy dejo de existir con el pensamiento puesto en usted y en Dios. Quiero que sepa que muero como un santo y que perdono a todos. Tenga paciencia y resignación. Muchos besos de su hijo».*

«Queridos hermanos Pepe y Juana: Hoy muero pensando en vosotros. Tened paciencia, pues mi suerte es así. Quiero que Macarena esté en casa con vosotros hasta que termine el movimiento y que después le deis 1000 pesetas y se marche de vuelta a su casa. Todo lo que yo tengo lo dejo para Purita y Eduardito. Adiós. Hasta la eternidad».

——————————————— Texto 1

As tres quedamos en silencio. Hai pouco máis de catro anos que acabou a nosa guerra (nosa non, deles, que nós nunca a quixemos), como non imos ter medo? Desde a nosa casa enxergabamos, daquela, os presos que estaban no edificio do Concello, nin tres metros nos separaban deles. Os coitados sacaban as mans polos barrotes para ter algo que levar á boca, como non lles iamos dar de comer, de beber e roupa limpa? Vimos cousas de máis para estarmos quietas na casa, sentindo os seus berros e laios tan preto de nós. Como quedarmos caladas cando fomos testemuñas de que mataron a ***don Benito****, o noso alcalde, polo único delito de ser de Izquierda Republicana? A el e a tantos outros que «paseaban» e quedaban nas cunetas xa para sempre. Non me tremeu a voz cando fun ao seu xuízo, a declarar no seu favor. Era meterme na boca do lobo pero el sempre fora bo con nós e con todo o mundo. Que mal fixera O pobre cando o asasinaron?*
Non, iso non se esquece en catro anos, nin na vida toda. O peor é o medo, que queda atoado no corpo e non deixa vivir, nin pensar. Pasou tempo pero a xente segue a falar baixiño, máis ben a non falar. Desde a estación ventamos perfectamente o que acontece. Os gardas civís pasean fachendosos e non hai quen sequera levante a cabeza para lle mirar os ollos, xa non digo para rebaterlles as asneiras que din. Eu doulles parola, regálolles paquetiños de café Sical do contrabando, que nestes días é coma ouro. A de botellas de licor café que terán bebido á custa nosa... Póñolles boa cara e dígolles a todo que amén. Amigos ata no inferno, como dicía papá e, neste caso, a comparación é perfectamente acaída. Non convén estar a mal con eles, e moito menos agora, nisto que andamos. Como sospeiten o máis mínimo... non o quero nin pensar. Diante de Xulia e Amparo fago que non é para tanto a cousa pero parvas non son, parvas non somos aínda que fagamos como tal. Ás mulleres non nos queda outra que facer de parvas e pór boa cara, polo menos de portas para fóra. Tócanos facer as cousas ás agachadas, que non se note que estamos, porque somos invisible, coma o ar. O que non saben, ou non pensarn, é que o ar se coa en todos os recantos precisamente porque non se ve. Así facemos nosoutras.

(páxs. 21-22)

Casa da Inquisición

Na esquina da rúa de Xerusalén coa de San Martiño, localízase a casa da Inquisición, un pazo gótico fortificado do século XVI cun fermoso patio renacentista no seu interior, que loce na súa fachada, sobre a porta, os cinco escudos dos familiares do Santo Oficio que aquí se estableceron. De esquerda a dereita aparecen os caldeiros e as esporas dos **Puga**; os monos dentro dunha aguia da familia dos **García Gamba;** o dos **Bahamonde** no centro flanqueado por dous lagartos coas colas entrelazadas; o dun personaxe do Santo Oficio, coa cruz convertida en espada e como remate, as cinco cabezas de lobo dos **Mosquera-Sandoval.** O persoeiro de Ribadavia máis importante dentro do Santo Oficio foi Pedro Vázquez de Puga. O seu sepulcro atópase na Igrexa de Santo Domingo, moi perto desta casa.

O caso dos ***criptoxudeus***[14] de Ribadavia é un dos que mellor ilustra a resistencia de moitos hebreos españois á expulsión de 1492, dando lugar ao fenómeno dos conversos, que axitou á sociedade española dos séculos XVI e XVII.

O malsín

Os xudaizantes de Ribadavia[15]

Na vila de Ribadavia, que foi sede dunha importante xudería entre os séculos XI e XV, a expulsión dos xudeus de 1492 significou un duro golpe para os seus habitantes no económico e no social. Mais moitos destes xudeus, en vez de iniciar unha nova diáspora, deciden converterse e seguir integrándose na comunidade ribadaviense. Mais, iso si, co veo do bautismo católico continuarán realizando as cerimonias da relixión dos seus antepasados.

Esta comunidade xudaizante viuse favorecida por diversas causas. Unha delas foi o serodio do establecemento do Tribunal da Inquisición na rexión galega, ao que se chamou Tribunal de Santiago pola súa situación, mentres no resto da Península xa levaba funcionando moitos anos (o Tribunal de Santiago foi o derradeiro en establecerse). Nun principio a rexión galega dependía do Tribunal da Inquisición de Valladolid, ao que se lle facía difícil poder controlar todo o territorio galego pola súa

[14] Xudeus que declaraban publicamente ser doutra fe pero que en secrerto practicaban a súa relixión.

[15] José Ramón Estévez Pérez, *«Os xudaizantes de RIbadavia»*, *Raigame*, número 11.

distancia, o abrupto do seu territorio e a dispersión da poboación. Por esta razón foi ineficaz durante un longo período, ata que se decidiu instalar un tribunal en Santiago.

Foron diversos os intentos. O primeiro tivo lugar no ano 1520, cando se nomea o letrado Maldonado como inquisidor apostólico no Reino de Galicia polo tribunal da Suprema. Porén, as dificultades económicas e a hostilidade de diversas institucións (Igrexa e Audiencia) fan que fracase o intento de establecerse, pasando en 1532 a xurisdición, inquisitorial ó Tribunal de Valladolid.

En 1561 téntase de instalalo outra vez, mais volta fracasar, disolvéndose no ano 1567. Será no ano 1574 cando se asenta definitiv mente o tribunal en Santiago.

Outra causa foi o incremento de xudaizantes no Ribeiro de Avia, debido primeiramente á expulsión dos xudeus de Portugal en 1497 e ás persecucións de xudaizantes que levou a cabo o Tribunal da Inquisición de Coimbra, Portugal, en 1522, o que fixo que moitas familias se asentaran definitivamente en Ribadavia e contribuirán deste xeito a ampliar e potenciar a súa comunidade.

Tamén influíu o feito de estar moi unidos entre eles (incluso tiñan certas medidas de seguridade para a súa protección) e o ben avidos que estaban coa comunidade cristiá. Por outra banda, é posible que certos comportamentos e cerimonias destes xudaizantes pasaran inadvertidas ou non se lles dera demasiada importancia por parte do resto de habitantes da vila, debido, probablemente, ao carácter galego, predisposto á lenda.

Todas estas causas favoreceron que os xudaizantes non foran molestados durante un período longo de tempo, co que puideron contribuir ao auxe económico de Ribadavia no século XVI e principios do século XVII.

Todo en Ribadavia transcorría normalmente, a comunidade criptoxudía ou xudaizante convivía cos demais habitantes da vila harmoniosamente. Mais, de súpeto, os alicerces da convivencia estremécense, e un lóstrego de zozobra e medo percorre os corpos dos seus habitantes ao saber que a Inquisición prepara unha publicación de edicto de fe, que se vai celebrar na igrexa do convento de Santo Domingo, acto que se celebraba con gran pompa.

Un personaxe desta mesma comunidade criptoxudaica entregara ao tribunal de Santiago en 1606 unha lista onde se acusaba a unhas duascentas persoas de crenzas e práctica de ritos xudaicos. Este personaxe foi Jerónimo Bautista de Mena, natural de Ribadavia. Jerónimo Bautista, na súa lista, acusa e inclúe á súa propia familia, comezando pola súa nai Ana Méndez, defunta, aos seus irmáns Ana de Mena, de 17 anos, e Nicolás de sete ou oito anos, que vivían con el, a seus cuñados e irmáns (…) e un sen número máis de familias que caeron en mans do Tribunal do Santo Oficio, a metade de Ribadavia.

Na vila ninguén estivo seguro nos anos que precederon a outubro de 1606, posto que estes señores non pararon ante ninguén. Foi moitos anos despois cando saíron á luz os abusos e desfalcos realizados por estes representantes da Inquisición, que chegaron a ser de escándalo. Incluso tivo que intervir o consello da Suprema do Santo Oficio. No ano 1607 realizáronse a maioría das detencións, e uns acusaban aos outros nas súas declaracións. Uns nos interrogatorios e outros no tormento foron confesando un a un o seu criptoxudaísmo. Os pais acuasaban ós fillos e os fillos ós pais; foron anos terribles para esta comunidade.

Jerónimo Bautista de Mena, descendente de xudeus, era solteiro. A súa nai, Ana Méndez, dera cartos para que fora estudar ás sinagogas de Venecia, Pisa e Salónica, onde se educou. Fíxose circuncidar, e cando regresou empezou a predicar esta lei (…) ante os xudaizantes, pois ante os cristiáns preciábase de ser todo o contrario. (…) Mais, cal foi o principal motivo polo que este home puido encerrar tanto odio no seu interior e transmitilo deste xeito tan tremendo, incluso sabendo que levaba os seus irmáns á morte? A única pista dánola Bernardo Barreiro:"*jamás había perdonado a sus hermanos y cuñados las pequeñas diferencias que existían en el reparto* de sus bienes, y no fiando a la justicia la decisión de su causa alimentaba contra ellos un odio impecable que no se apa*garía nunca*" . Esta acusación ante o Santo Oficio foi a súa satisfacción mesquiña por todo o que acontecerá, non sendo estraño este caso en Galicia, posto que a través da historia as diferenzas con respecto a terras e herdanzas remataron con sangue e morte.

Como producto da súa acusación, levantouse contra Jerónimo Bautista de Mena unha ondada de xenreira e odio que foi o que alimentou a súa morte. Así pois apareceu morto un día nunha rúa de Ribadavia o que non é de estrañar, e posiblemente o asasinara alguén que se atopaba entre as duascentas persoas acusadas.

Despois de certo tempo, cando xa remataran os procesos no ano 1609 e o Santo Oficio puido reunir as suficientes acusacións contra el, realizouse proceso contra a súa sona e foi atopado herexe,"y que sus huesos, por estar en parte señalados, fuesen desenterrados y quemados con su esta*tua*", procedemento habitual para defuntos ou ausentes.

Os ritos e cerimonias da lei de Moisés que eran considerados como herexía e podían ser causa de condena e pena, tal como o describe o tribunal do Santo Oficio, foron os seguintes: respectar o sábado e non traballar nel; poñer roupa e pescozo limpos neste día; acender o candelabro durante a véspera; cambiar as sabas da cama os venres; realizar o xexún que chaman Grande e que cae polo mes de setembro; desovar e desangrar a carne; respectar o xexún da raíña; rezar oracións sen Gloria Patri, rezar o Semag e a Amida e os salmos de David; non comer carne de porco e, por outra banda, non cumprir como cristiáns os ritos da Santa madre Igrexa. O Santo Oficio aplicaba unha condena determinada segundo a gravidade do delito cometido polo acusado, que oscilaba entre un ano de prisión e morrer na fogueira.

Nos procesos seguíase unha orde pautada para todos, como extraído dun rigoroso manual que, efectivamente, existía. Primeiramente rexistrábase información sobre as persoas acusadas, e se reunían suficientes probas e testemuñas mandábase prender, e inmediatamente despois secuestrábanselles os bens, pasando ser patrimonio da Inquisición. Seguidamente tentaban atopar máis testemuñas, aínda que en realidade bastara cunha soa.

Entre a entrada na cadea e a primeira audiencia, adoitaba pasar un período longo de cárcere, incluso ás veces un ano. Dábaselles por escrito a súa acusación, e tamén letrado para poder defender a súa causa, o que con frecuencia non lles servía de moito. Se confesaban o seu delito na primeira audiencia a causa pechábase e dábaselles a condena pertinente, mais se non o confesaban dábanselles as audiencias necesarias ata que se confesaran culpables. Se mantiñan ou non se tiñan as suficientes probas, comunicábaselles que recibirían tormento. Se aínda así continuaban negativos, dábaselles o tormento, normalmente no potro (sistema moi empregado no século XVII). Aínda, a pesar de todo, moitos vencérono soportando estoicamente o sufrimento. (…) A metade dos procesados do caso de Ribadavia torturáronos con este sistema.

Despois da confesión, que se realizaba a custa de moito sufrimento, eran condenados a unha determinada pena segundo o tribunal atopara o delito moi grave, grave ou leve. Debemos recalcar que varios dos condenados puideron saír en liberdade despois de condonar a súa pena por unha certa cantidade de cartos, como no caso de Simón Pereira[2].

Os autos de fe celebrábanse con gran despregue de medios e a toda pompa, e podían ser públicos ou privados. Estes últimos nunha igrexa. Os públicos, no tribunal de Santiago, realizábanse na Praza da Quintana, actualmente chamada Quintana dos mortos, onde asistía numeroso público a tan cruel manifestación. No caso de Ribadavia, 28 dos acusados foron protagonistas do auto público de fe que se celebrou en Santiago o 11 de maio de 1608.

Todos desfilaron co hábito (ou "sambenito"). Aqueles que eran entregados ao brazo segrar e relaxados en persoa, como Felipe Álvarez e o seu fillo Antonio Méndez, de 21 anos, se se arrepentían, normalmente eran agarrotados antes de mandalos á fogueira, pero se non se arrepentían eran enviados directamente a ela.

O Domingo 22 de febreiro de 1609, na igrexa catedral de Santiago celebrouse un auto particular de fe, onde se deron diferentes penas a sete reos concernientes ao caso de Ribadavia. (…)

Igrexa de Santiago

Na rúa de Santiago, ademais do obradoiro de repostería das Nisas, especializado en amendoados, melindres e doces hebreos, atópase a igrexa de Santiago, un fermoso exemplo do románico galego do século XII en transición ao gótico, con torre barroca, que foi a parroquia máis antiga de Ribadavia. Destaca todo o edificio pola riqueza decorativa e artística que posúe, así como os arcos e a fachada de nobres proporcións cun fermoso rosetón de 24 ocos.

No seu interior pódense ver numerosas imaxes barrocas de gran valor artístico, sendo de especial importancia un Santiago sedente de pedra do século XIV da escola do mestre Mateo.

Museo Etnolóxico de Ribadavia

É o único museo desta temática de titularidade estatal e xestionado pola Xunta en Galicia. Sitúase no antigo pazo dos Marqueses de Baamonde e combina a remodelación dos espazos e coleccións coa montaxe de mostras e exposicións, para o que conta coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e Conxunto Histórico de Ribadavia. Posúe un importante fondo documental, coleccións etnográficas da provincia de Ourense; incluída a temática vitivinícola e unha relevante biblioteca especializada no campo etnohistórico e antropolóxico.

Igrexa de San Xoán

A igrexa de San Xoan, do século XII, levantada pola Orde de San Xoán de Xerusalén en estilo románico, loce entre a súa abundante decoración unha simbólica estrela de Salomón, como homenaxe do Novo Testamento á súa propia orixe nos elementos do Antigo Testamento.

Os Cabaleiros da Orde estableceron un hospital para atender aos numerosos peregrinos que, naqueles tempos, seguindo o camiño de desde Braga (Portugal) dirixíanse a visitar o sepulcro do Apóstolo Santiago. Parte do edificio do antigo hospital funcionou ata o século XVI. A reitoral, que se atopa pegada á igrexa pola parte de atrás, posúe un arco de entrada no que se pode ver a cruz labrada de 8 puntas (símbolo da orde).

Casa do Concello

A fachada desta casa, neoclásica, data do século XIX, como dicía Murguía, *«Sin ser notable sobre todo por su pórtico, que es renacimiento, así como bello y curioso campanario del reloj, de hierro labrado, bastante rico y digno de conservarse. Sobre el arco de la puerta campean las armas de los Sarmiento y las de Ribadavia»*. Segundo Vicente Risco *«Tiene a una lado una escalera muy curiosa, tiene tres cuerpos superpuestos, abajo, puerta de arco, en el segundo, dos escudos, uno en blanco y otro con sol y luna sobre un castillo, y en el fondo olas, en el tercero, una ventana y un reloj de sol en la esquina y remata en frontón triangular con jarrón y ánforas en el vértice y en las acróteras, respectivamente»*.

Foi construída na década de 1545-1555. A historia lembra que os oficiais para a construción do edificio, foron o mestre canteiro Pedro Gómez e os carpinteiros Juan Leal e Esteban González, dando comezo as obras para mediados do ano 1545, debido a que en outubro dese ano o procurador Xeral da Vila, o prateiro Glau de Mosquera entregoulle ao citado canteiro *«para el pago de la Casa de Regimiento, que dicho Pedro González hace VEINTE DUCADOS»*. Esta casa fixo funcións de alhóndiga[16].

Con relación ao reloxo debeu ser cambiado por outro no ano 1781, tendo en conta que na sesión municipal do 19 de abril do devandito ano dáse por finalizada a fundición do reloxo público, e disponse que a campá deste leve a incripción: *«Verbum caro Factum est. Xptus. Vincit. Xptus. Regnat. Xptus. Ymperat. Xptus. Ab omni malo nos diferendat»*. Unha nova maquinaria para o reloxo foi adquirida por acordo do Consello de 1883.

Posteriormente foi vendida no ano 1902 a un particular por DEZASETE PESETAS pasando a ser substituída pola maquinaria actual. Así mesmo, ao reloxo hai que darlle corda todos os días. Esta corda débese dar cunha manivela en dúas zonas, unha para as horas e outra para as medias. A das medias consta de doce voltas e a das horas de 142 voltas, todo con manivela, que levanta uns pesos desde máis abaixo do nivel da praza maior. A corda do reloxo aguanta entre 28 e 30 horas aproximadamente.

[16] Lugar onde se almacenaba e comerciaba co gran.

Pazo dos Condes de Ribadavia

Na Praza Maior levántase o pazo dos Condes de Ribadavia, un fermoso edificio do século XVII no que hoxe conviven a Oficina de Turismo onde se ofrece información sobre a vila e a súa comarca, o Centro de Información Xudía de Galicia e o Xulgado. O pazo, que loce na súa portada o gran brasón familiar dos Sarmiento, articúlase ao redor de dous patios, e na súa rehabilitación incorporou ao seu rico patrimonio arquitectónico elementos novos relacionados coa súa función como centro de interpretación sobre o mundo hebraico, entre eles unha fonte de canaliza a auga da choiva e evoca a súa utilización para o baño ritual dos xudeus ou *micvé*[17].

O Centro de Información Xudía de Galicia, situado no piso superior da Oficina de Turismo, mostra algunhas pezas interesantes, como o traxe de voda xudeu que se utiliza na Festa da Istoria, a menorá gravada nunha pedra da catedral de Tui, a reprodución dos sambenitos coa cruz de Santo Andrés que se colgaban nos muros das igrexas ou a lápida sepulcral dos séculos X- XI da Coruña, que acompañan a unha serie de paneis que mostran a historia e as principais singularidades das comunidades hebraicas galegas.

[17] Baño ritual. Espazo onde se realizan os baños de purificación que prescribe o xudaísmo.

Punto 6 – Rúa Xuíz Viñas, 2 - Casa das irmás Touza

Aristides de Sousa Mendes[18] naceu o 19 de xullo de 1885 en Cabanas de Viritao, municipio de Carregal do Sal, distrito de Viseu, pouco despois que César, o seu irmán xemelgo. Tiñan moitos irmáns, un pai xuíz, unha nai señora, unha familia católica, monárquica, lixeiramente nobre. Cando os xemelgos cumpriron 18, foron a Coimbra para estudar Dereito entrando logo no servizo diplomático.

Aristides de Sousa tiña todo para ter unha vida pracenteira. Casou coa súa primeira noiva –chegaron a ter 13 fillos– e foi encadeando destinos consulares. A súa carreira non terminaba de despegar: non sempre era discreto. En 1919, en Río de Janeiro, suspendérono por renegar do seu Goberno liberal; en 1923, en San Francisco, por pelexarse cos seus empregados. Estaba estancado, ata que a historia veu ao seu rescate: o 28 de maio de 1926 un xeneral Gomes da Costa levantouse contra a república e instaurou as bases do Estado Novo fascista cuxas proclamas católicas e nacionalistas soáronlle a gloria. Ademais, o seu profesor António de Oliveira Salazar era ministro de Finanzas; pouco despois sería presidente vitalicio.

Ninguén sabe ben que lle pasou: por que ese señor inquieto pero serio, fascista convencido, virou para o outro lado. Algúns din que foi amor.

En 1929 Sousa foi nomeado cónsul en Anveres e alí viviu 10 anos case calmos; en 1939 transferírono a Bordeos. A guerra ameazaba. O presidente americano Roosevelt convocou aos gobernos europeos á **conferencia en**

[18] Martín Caparrós, *«Aristides de Sousa Mendes, el fascista justo»*, *El País*, 2 de marzo de 2017.

Evian[19] para convencelos de recibir refuxiados; ninguén lle fixo caso. Miles de xudeus centroeuropeos roldaban polo continente, escapando. Portugal podía ser o porto de embarque para completar a súa fuga a América, pero en novembro de 1939 as súas autoridades mandaron unha circular –a 14[20]– aos seus cónsules dicíndolles que non debían emitir, sen consultar, visados a apátridas, rusos e xudeus.

Todo se precipitaba. En xuño de 1940 os alemáns avanzaron sobre Francia e comezou o pánico. De súpeto, miles e miles de refuxiados desbordaron Bordeos; buscaban como fuxir, e correuse a voz de que o cónsul portugués lles daba visados.

Ninguén sabe ben que pasou: por que ese señor inquieto pero serio, fascista convencido, virou de lado. Algúns din que foi amor: namorara dunha moza francesa, Andrée Cibial, coa que tivo unha filla que terminou recoñecendo –sen por iso deixar á

---

[19] A **Conferencia de Evian** reuniuse por iniciativa do presidente dos Estados Unidos, Franklin Delano Roosevelt. O obxectivo desta foi discutir sobre o problema dos refuxiados xudeus vítimas das políticas discriminatorias do réxime nazi. A conferencia durou 9 días e foi realizada en Évian-les-Bains, Francia, entre o 6 e o 15 de xullo de 1938 e contou coa presenza de varias delegacións internacionais. A reunión deu poucos froitos: logrouse que Alemaña reducise os trámites de saída para os refuxiados xudeus. De feito, a gran maioría de países asistentes á Conferencia rexeitou facilitar a chegada dos inmigrantes xudeus, sendo así inútiles as presións para que Alemaña permitise a súa saída. Chaim Weizmann, que sería posteriormente o primeiro presidente de Israel, fronte a esta situación anunciou tristemente no xornal *The Guardian* de Londres: «O mundo parece estar dividido en dúas partes: Unha onde os xudeus non poden vivir e a outra onde non poden entrar». O goberno de Adolf Hitler comentou ironicamente que resultaba asombroso como os países estranxeiros criticaban ao réxime polo seu trato discriminatorio contra os xudeus, pero que ningún deles os aceptaba recibir como inmigrantes. É importante mencionar que mesmo despois da Noite dos cristais rotos –*Kristallnacht* o *Novemberpogrome* a noite do 9 ao 10 de novembro de 1938, unha serie de ataques e linchamentos levado a cabo contra cidadáns xudeus polas tropas de asalto das SA e as Mocidades Hitlerianas– países como Estados Unidos continuaron coa súa posición de non recibir a inmigrantes xudeus.

[20] A **Circular 14**, de novembro de 1939, do Ministério dos Negócios Estrangeiros português, dirixido entón polo propio Presidente do Conselho de Ministros, António de Oliveira Salazar, determinaba que «os cônsules de carreira não poderão conceder vistos consulares sem prévia consulta ao Ministério dos Negócios Estrangeiros, aos estrangeiros de nacionalidade indefinida, contestada ou em litígio, aos apátridas, aos portadores de passaportes Nansen e aos russos; (...) àqueles que apresentem nos seus passaportes a declaração ou qualquer sinal de não poderem regressar livremente ao país de onde provêm; aos judeus expulsos dos países da sua nacionalidade ou daqueles de onde provêm».

súa señora. El argüiu que foi un mandado do seu deus: «Se teño que desobedecer, prefiro que sexa unha orde dos homes e non una do Señor» .

E desobedeceu: «A partir de agora darei visados a todos; xa non hai nacionalidades, razas ou relixións» . Discútense as cifras exactas, pero sábese que entre o 16 e o 23 de xuño de 1940, frenéticamente expediu visados portugueses de forma indiscriminada. Sousa entregou entre 10.000 e 30.000 (non se sabe o número verdadeiro) visados a xudeus salvádolles a vida.

De regreso en Lisboa Sousa Mendes obrigárono a comparecer ante un tribunal disciplinario. Foi despedido de su cargo en el ministerio de relaciones exteriores. Isto levouno á indixencia e imposibilitoulle manter a súa familia. Morreu en Lisboa, 3 de abril de 1954, arruinado. O 18 de outubro de 1966 o Yad Vashem –Memorial do Holocausto, en Xerusalén– declarouno «xusto entre os homes» e plantou 20 árbores para a súa memoria[21].

[21] Do testemuño do rabino Jaim Krieger, 1966: «Escaparamos desde Bruxelas a Francia, xunto con miles dos nosos irmáns que foran expulsados de Francia e Bélxica, que xa estaban suxeitos ao xugo dos nazis malditos. Despois de moitas vicisitudes, causadas polos bombardeos aliados, chegamos a Bordeos. Atopamos a miles dos nosos correlixionarios nas rúas, acampados na praza próxima á sinagoga. Pola tarde chegou un coche grande conducido por un chofer e detívose preto noso. Deste saíu un diplomático e falou comigo. Convidoume á súa casa coa miña esposa e os meus cinco fillos –o maior tiña dez anos e o menor dous. Cando chegamos indicoume que era o cónsul xeral de Portugal en Francia e que tiña 13 fillos. Ofreceunos utilizar todas as comodidades do seu fogar, pero comprendín que non podería facelo dado que non podía separarme de toda a xente que estaba fóra nas rúas e tamén porque a casa estaba colmada de estatuas [cristiás], que infundían temor aos nosos fillos e polo cal se negaron a comer. Agradecinlle a súa amabilidade. Pola mañá reuninme coa xente que estaba fóra e logo regresei á casa e expliqueille que había unha soa maneira de axudarnos –dándonos visados para pasar por Portugal.
Mentres falabamos o vicecónsul escoitou o que dixeramos en francés e preveuno de non caer na trampa de outorgar visados. Díxoo en portugués, pero en balde. O Sr. Mendes díxome que outorgaría visados para min e a miña familia, pero que tería que pedir autorización ao seu ministerio para os outros refuxiados. Tratei de influír sobre el para que fixese caso ao seu segundo; entón contestoume que podería anunciar aos refuxiados que todo aquel que desexase obter un visado podería recibilo. De inmediato comuniqueilles iso aos refuxiados. Todos estes recibiron visados e el estivo todo o día sentado asinándoos. Axudeille estampando os selos nos pasaportes, que logo el asinaba. Non comeu nin bebeu durante todo o día, ata tarde pola noite, e en pouco tempo outorgoume miles de visados ata que os alemáns estiveron preto e tivemos que escapar a través de España». https://www.yadvashem.org/yv/es/exhibitions/righteous/mendes.asp

Texto 1

Lola Touza cos seus pais e o seu fillo Julio.

–Lola, isto que estamos a facer é unha tolemia –Amparo apertaba os beizos ao falar, coma se non quixese que as palabras lle saísen da boca–. Non escoitas na radio de galena cada noite como son eses nazis? Se é certo a metade do que se di, os da Garda Civil son anxiños do ceo ao seu lado. Lola, tes un fillo e debemos pensar nel, non ves os problemas que lle podemos ocasionar?

–El está á marxe de todo, nada sabe e dentro de pouco xa estará a facer a súa vida. Nós educámolo para que sexa un home de ben. Que mal hai en querer cambiar o mundo no que lle toca vivir? Esa xente necesita de nós, irmás, ben o sabedes.

Amparo ten razón, isto é una loucura, pero non podo dicir que non, sinto que teño que facelo. De nada serve todo o que penso, o que sinto sobre a xustiza, a liberdade, do deber de axudarmos a quen o precisa, se cando teño oportunidade de facelo miro para outro lado. Sei que me poño en perigo, a min e a toda a miña familia, pero hai decisións na vida que non se toman coa cabeza. Nin con medo. Con que cara vou mirar o meu fillo, na fin dos meus días, se sei que tiven a oportunidade de salvar unha morea de vidas e non o fixen?

–Non vos preocupedes irmás, teñen todo ben artellado. Xa escoitastes o que dixo don ***Aristides*** *cando pediu a nosa colaboración: somos a última parte da engrenaxe. De que valería todo o esforzo que fan, asumindo un risco inimaxinable, se non conseguen cruzar a Portugal? O señor cónsul tiña boa razón, non serve de nada ter un exército, a intelixencia británica enteira a argallar unha rede coma esta, se falla a conexión final coa fronteira. Quen vai sospeitar de tres mulleres solteiras que venden licor café e melindres na estación?*

Lémbrome, coma se fose hoxe, o día que don Aristides, como lle chamabamos nós porque non dabamos dito o nome enteiro, se decidiu a falar comigo en solitario por primeira vez. Xa o coñeciamos de cando estivera destinado en Vigo, antes da guerra. Nós estabamos afeitas a tratar con persoas de toda caste e condición. O noso quiosco era, e aínda é, parada obrigada para todos os que pasan pola estación. Acabamos coñecendo de vista un mundo de xente, pero con el foi ben distinto. Presentouse un día cunha ristra de nomes que non dei conseguido repetir.

–Non se preocupe, Lola, pódeme atuar. Os portugueses adoramos ter moitos nomes e apelidos, parécenos que así somos máis importantes –e botou unha risada–. Eu aquí, para vostedes, son un amigo, máis nada.

(…)

–Pois precisamente tres mulleres soas, Lola, onde imos? Os anxiños da Garda Civil non nos miran nada ben. Ou non vos lembrades de que nos levaron diante do xuíz ***por darlles comida aos presos****? Aí andámoslle moi preto de quedar na cadea…*

–Polo amor de Deus, Xulia, iso foi na guerra, xa o falamos cincuenta veces. Agora aprendemos a lección, somos moito máis prudentes. Se non queredes seguir, enténdoo, pero deixádeme que eu o faga. Non podo quedar de mans paradas sabendo todo o que está a pasar por aí fóra. Aínda me arrepío a pensar no que contou Abraham...

As tres quedamos en silencio. Hai pouco máis de catro anos que acabou a nosa guerra (nosa non, deles, que nós nunca a quixemos), como non imos ter medo? Desde a nosa casa enxergabamos, daquela, ***os presos que estaban no edificio do Concello****, nin tres metros nos separaban deles. Os coitados sacaban as mans polos barrotes para ter algo que levar á boca, como non lles iamos dar de comer, de beber e roupa limpa? Vimos cousas de máis para estarmos quietas na casa, sentindo os seus berros e laios tan preto de nós. (…)*

–Lembra o que dixo Abraham –Xulia estaba decidida a soltar todo o que estivera moendo–, que os nazis matan os xudeus por milleiros, con gas. iso non se lle fai nin aos animais, meu Deus. Como lle chamaban ao sitio aquel de Austria no que estivo?

Amparo Touza Domínguez

–Mauthausen, escribiuno nun papel. E non só xudeus, aniquilan calquera que estea na súa contra. Dixo que tamén había españois e que o home co que escapou era un republicano, e que había moitos máis naquel inferno. Pode que estean alá veciños nosos que fuxiron cando o alzamento. Algún deles foron cara a Francia, porque aquí só lles agarda a morte e agora están a loitar de novo[22]*.*

–Pois xa son ganas, saír dunha guerra para meterse noutra. Espero que nesa lles vaia mellor, porque o que foi aquí… xa dirás o que gañaron, quedar nas gabias sen ter sequera un enterro como Deus manda. Xa sei o que vas dicir da liberdade e esas lerias. Si, Lola, tes razón, esas palabras son moi bonitas pero eu quero vivir tranquila. Que tranquila, nin iso, o único que eu quero é vivir. Non é tanto pedir, caramba.

–Amparo, acouga, ningunha de nós vai morrer, polo menos de momento, que eternas tampouco habemos de ser, raio. Pero as que van cara a unha morte segura

[22] Neste enlace podedes consultar a listaxe de presos galegos no que campo de Mauthausen. É a transcrición literal da elaborada polos servizos alemáns do campo, polo que pode conter erros na nomenclatura dos lugares de orixe ou a denominación de parroquias ou municipios, tomados de oído polos axentes nazis. https://www.gciencia.com/historias-gc/galegos-holocausto-mauthausen/

son esas xentes se non as axudamos. Non sexas rabuda, caramba, que ben sei que a ti tamén che importa.
–Que me chames rabuda, xa era o que me faltaba. Se a palabra a inventaron para ti, que non tes paraxe. Quérote e admírote por iso, pero eu non son coma ti, Lola, eu teño moito medo. Cando nos detiveron, na guerra, pensei que iamos para o cárcere directas. Só por darlle de comer aos coitados dos presos.
–Pero saímos ou non? E ben pagou a pena o susto por ver a cara do xuíz cando lle dixen que nós só cumpriamos a palabra de Deus, de dar de comer e de beber a quen o precisa, como boas cristiás que sempre fomos, e non lle quedou máis remedio que soltarnos.
–Mal raio che parta, aínda ris co tema –Amparo quería poñerse seria pero a risa coábaselle na boca, moito temos rexoubado as tres co asunto–. Loliña, para un pouco e recapacita, iso era unha parvada en comparación co que estamos a facer agora. Non che fixo pensar o que contou aquel xudeu?
–Claro que si e por iso, precisamente, non podemos parar e deixalos na estacada. Agora non.
(…)
–Lola, ben sabemos como es e o que che doen as inxustizas. Pero isto é unha tolemia. Onde imos nós as tres en contra desa xente? Zafamos vivas dunha guerra e ímonos meter noutra que nin nos vai nin nos vén? Co que gañamos no quiosco, cos melindres e co pan, vendendo licor café ben nos dá para vivirmos dignamente. Xa non sei por que andas co do café, calquera día acabas presa ti tamén. Deixémonos de xogar ás novelas, caramba. Isto é a vida real.
–Non me fales de dignidade, Xulia, que na vida real, non tan lonxe de nós, sabedes de sobra o que está a pasar. Ben escoitastes a Abraham e o que a radio de galena cuspe todas as noites, as atrocidades que están a acontecer. E acó na vila, a guerra realmente acabou? Vós pensades que podemos vivir tranquilas? Entón por que non saímos polas noites? Por que seguimos a fuxir dos gardas? Por que non nos atrevemos a cobrarlles e aguantámoslles as babecadas que nos din, e aínda temos o denodo de dedicarlles un sorriso? Anda, non me amoledes... Segue a xente agachada no monte, e hai catro anos que estamos en –disque– paz. Se fose tal non teriamos este medo no corpo. Á paz non é vivir así, ter para comer e listo. E cos cartos do café temos axuda para darlle a esta xente. Non vedes a fame que traen, que semellan esqueletos? Pel e ósos que parece que van crebar dun momento a outro. Non lles ha faltar comida nesta casa, nin un peso de prata para que leven. Así funcionan as cousas na vida real. Se non queredes que sigan vindo á casa, heilles buscar outro acubillo, non vos preocupedes. Non quero obrigarvos nin que fagades nada en contra da vosa vontade. A decisión de seguirdes é vosa.
Amparo e Xulia calan, ben sei o mal que o pasan, pero no fondo pensan coma min. É moi difícil facer que non ves cando tes a realidade baténdote na cara, comendo na túa mesa e falando dun horror que non dá nin a imaxinación para pensar. Somos moi distintas pero no fondo somos unha. A xente chámanos as tres do tren, as solteironas, a saber que máis andan a dicir, sobre todo de min, porque tiven un fillo

El taxista
Javier Míguez 'El Calavera'

El traductor
Ricardo Pérez, 'El evangelista'

El barquero,
Ramón Estévez

e non quixen nunca un home ao meu lado. Non o teño nin falta que me fai, ben me vallo soa. Con elas, porque somos unha.
–Como che imos dicir que non, parviña –doéronse–. Isto non ten xa marcha atrás. Sempre xuntas. Pero só vos prego unha cousa, polo sangue que nos une, pídovos que fagamos un xuramento. Que nunca imos falar disto con ninguén, mesmo cando acabe a guerra, se acaba algún día, nin co rapaz, nin co resto da nosa familia, nin cos veciños, mais alá dos que están con nós. Xamais. Isto é cousa nosa, queda con nós e coa nosa conciencia. Con máis ninguén. Xurádelo?
Xulia acabou de falar e puxo a man na mesa e Amparo colocou a súa enriba. Despois eu puxen a miña. Quedamos as tres en silencio, escoitando o vento bater nas fiestras. Démonos un abrazo e choramos xuntas. Por todo o que levabamos pasado nesta vida e, sobre todo, polo que estaba por chegar. Hai decisións que só se poden tomar desde o corazón.

(páx. 19-28)

——————————————— Texto 3

Parece incrible que os veciños non sospeiten, a min dáme o corpo que algo ventan pero calan porque saben que somos xente de ben. ***José Rocha***[23]*, o taxista,* ***Javier o Calavera***[24] *e* ***Ricardo o Evanxelista***[25] *son os únicos que están ao tanto e nunca van dicir nada, diso estou ben segura. A* ***Ramón Estévez*** [26] *e ao fillo, o músico da Lira, preferimos non dicirlle nada. Axudáronos con Abraham, discreta e xenerosamente, pero é máis seguro non implicar ninguén máis.*
–Canto menos xente estea ao tanto, mellor –dixéranos don Aristides cando nos fixo a proposta que Amparo deu en chamar «a bomba»–. A min xa me relegaron do Consulado en Bordeos e xa non teño poder ningún, agora retirado en Portugal, e vixiado como estou –bebía o licor a sorbos pequenos mentres falaba–. Pero a estrutura

[23] José Rocha Freijido.

[24] Javier Míguez Fernández, o Calavera.

[25] Ricardo Pérez Parada, alcumado o Evanxelista. Emigrara a New York arredor do 1904, onde fixera amizade cun polaco que vendía picadura e tabaco de masgar. Aprendeu o oficio de toneleiro. En 1914, regresa a Ribadavia, casan con Carmen Covas Blanco e abre un taller de construción de toneis ao lado da estación do ferrocarril. Como sabía inglés e un pouco de polaco, facía as funcións de tradutor. Convertérase ao protestantismo e pasaba inadvertido porque falaba moi pouco. Era unha persoa honesta e brillante.

[26] O barqueiro. As Touza escolleron a este veciño porque coñecía ben o tramo do Miño entre Ribadavia e Portugal e sabía que atallos eran máis seguros na noite.

está feita e só nos falta o último elo da cadea. Aquí non vale o exército, non chega co servizo de intelixencia, precisamos xente común, que crea na nosa causa e queira axudar. Ninguén vai sospeitar de vostedes, miñas amigas, son a conexión perfecta que a rede precisa. Tíveno clarísimo cando a vin entrar pola primeira vez no tren a venderme as rosquillas, e ver como se librou dun falanxista que a importunaba. Aquí a xente respéctaa, Lola, ten vostede unha forza e un carácter envexable, persoas así son precisamente o que necesitamos.

–Pero nós, don Aristides, para que lle podemos servir a unha causa como a súa, se somos xente simple, que sabemos nós…?

O que me estaba a dicir era de tal magnitude que non o podía crer. El, non obstante, estaba tranquilo e falaba pausadamente.

–Contacten con persoas da súa confianza, precisamos alguén que saiba idiomas, que conduza e teña coche propio. Buscade xente que coñeza ben a zona e os seus escondedoiros, que saiban as mellores maneiras de cruzar as fronteiras sen seren descubertos. Non teño dúbida de que vostede será quen de armar aquí un equipo de toda confianza. Do demais encargámonos nós. Van ir recibindo visitas e avisos puntualmente, con información xusta e precisa. Fagan a súa vida normalmente, e canta menos xente estea implicada, mellor. O medo é moi traizoeiro, Lola, e o que lles pido é altamente perigoso, non llo vou negar. Teño total confianza en vostedes.

E nunca máis o volvemos ver, nin recibir cartas súas, pero deixoume un papel co seu enderezo para visitalo en Lisboa: «Cando todo isto acabe».

***José Rocha** e **Javier Míguez**, **o Calavera**, foron os dous taxistas que chamamos para colaborar con nós. José é parente noso e o Calavera, un bo amigo, estivera na Lexión e fora chofer de Millán-Astray, quen ía sospeitar del? E **Ricardo, o toneleiro**, sabía inglés e polaco da súa época nos Estados Unidos. Como é evanxelista non resulta moi do agrado do Réxime, pero non se mete con ninguén e tampouco dará que sospeitar. Son boa xente, homes con denodo e corazón. Non tivemos dúbida ningunha que tiñan que ser eles quen nos acompañasen. Aínda me lembro da cara que puxeron cando lles pedín que se unisen a nós.*

–Caramba, Lola, pensei que nos chamabas para organizar unha festa como as de hai tempo e mira ti, a festa é boa –dixo o noso parente, con sorna.

–Festas eran cando o Casino funcionaba antes da guerra, José. As mellores cupletistas do mundo pasaron por aquí. Unha marabilla. Os tempos que temos

agora non son para xoldas. A saber cando volve todo a ser como antes, se iso acontece algún día, claro. (…)
–E no medio deste cerello, Lola, ti propós que participemos en pasarlles diante dos fociños, aos nazis e á Garda Civil, os xudeus que foxen para Portugal? Entendín ben?
O Calavera non se andaba con chiquitas e chamáballes ás cousas polo nome.
–Entendiches.
–Pois eu apúntome. Non sei en que acabará o conto pero xa levo tragado de máis. E vós, se tedes un mínimo de conciencia, debiades facer o propio. De nada vale falar nas tabernas do mal que vai todo e non mover un dedo para cambialo.
José fumaba en silencio e serviuse outro licor café. Ricardo apertaba os puños e miraba para o chan.
–Entendo que o teñades que pensar. É risco para vós e as vosas familias, non volo vou negar. Pero o que aquí decidades, témolo que levar á tumba.
–Espero que dentro de moitos anos –sentenciou José–, que aínda teño o nicho a medio pagar.
Botámonos a rir, en parte polos nervios, en parte polo licor café. Os demais asentiron e non fixo falta máis falar. Desde ese día xa non sei canta xentiña pasou por aquí. Desde Abraham, que foi o primeiro, non houbo semana que non viñesen dúas ou tres quendas deles. Recibilos na estación e levalos para a casa polas vías do tren, agachalos no tobo da cheminea que leva ao faiado onde tivemos escondido o noso cuñado Félix cando a guerra, ou na cantina algunha noite, acabou sendo o noso quefacer cotián, como levar o pan ao forno ou facer de comer.
Poucas veces puidemos falar de vagar coas persoas que viñan. Abraham aínda chapurreaba algo de castelán, os demais nada de nada. Por máis que queriamos preguntarlles e saber, non conseguimos intercambiar máis ca unhas poucas palabras, acenos e olladas, apertas para calmarlles o frío e o medo. Non era preciso falarmos para verlles o terror no rostro, a morte que lles andou tan preto que parece que a levan cosida á roupa. Ás mans da maioría son pel e ósos e as caras chupadas como as dos defuntos, pálidas que se lle ven as veas azuis por detrás. Dámoslles sopa e guiso de carne de vaca con patacas e chícharos, lentellas ou fabas, o que sexamos quen de conseguir. Unha rapaciña nova, non máis de trece anos, púxose a chorar cos pasteis que lle fixo Amparo. Dáballes bicos e miraba cara ao ceo e dicía «Matka, matka!» Non paraba de chorar. Eu aperteina contra o meu peito e deixei que chorase e escoitei o que dicía sen entender nada, pero adiviñando que era consolo o que ela precisaba. O evanxelista, que sabe algo de polaco dos tempos da emigración, dixo que falaba da nai. Quen sabe. Ás veces prefiro non saber; tirar para diante cos que veñan e que marchen con comida e roupa, porque non sei se darei aguantado máis historias sobre a crueldade humana. Nunca imaxinei en que se acabaría converetndo a nosa casa, onde antes

se facían festas nas que viñan namorar todos os mozos e mozas da zona... Que tempos nos que a música soaba no baixo e a xente ría e berraba, bebía e bailaba ata o mencer. Que tempos aqueles e que tempos estes. O único que queda como lembranza daquilo son as fotos e o piano. A piques estivemos de vendelo moitas veces porque, total, para coller po, refungan sempre Xulia e Amparo. Eu sempre lles digo que non, e sóltolles algunha broma por facelas rir e que morra o conto.

(páx. 54-58)

——————————————— Texto 4

As cousas estanse poñendo feas. Frieda leva case dúas semanas con nós. Menos mal que o meu fillo está a pasar uns días na casa duns curmáns, se non a ver como faciamos para que non se decatase. Nunca ninguén parara tanto tempo na casa. Os fuxidos sempre están un ou dous días, a máis tardar. Non nos convén nin lles convén estar máis. Adoitan chegar de noite ou á primeira hora da mañá. José ou o Calavera tráenos no seu coche, ou veñen con nós a pé polas vías, e pasan sen seren vistos directamente pola porta do baixo. Se as cousas están tranquilas, dormen no faiado ou no tobo da cheminea. A parte que dá á rúa do Xuíz Viñas é máis transitada, non convén que a veciñanza vexa cousas raras polas fiestras. Vaia susto que levou José no taxi o outro día, cos alemáns do demo. Chegou á casa pálido coma un morto.

–Menos mal que che fixen caso e metín as canas de pescar e un par de saquetes de café para disimular. Picaron o anzol, nunca mellor dito. Pensaron que andaba ao galdrucho e deixáronme marchar, pero debemos andar con mil ollos. Ía ver como estaban os camiños despois da tromba da noite pasada. A quen se lle conte esta chuvia no verán, a calor que ía non era normal. Non puiden ver se coa treboada caera algunha árbore e como está o río por Frieira e Ponte Barxas para que pase a señora música.

(…)

–Sabe nadar, señora? –preguntoulle José acenando cos brazos de forma esaxerada. Frieda sorriu e dixo: (…)

–As mulleres poden ser directoras de orquestra? –preguntou, sorprendido–. Aquí, na Lira[27], nunca se viu sequera unha muller tocar un instrumento. (…)

---

[27] **A Lira de Ribadavia** está considerada como a banda de música máis antiga de Galicia. Nestes momentos os historiadores seguen sen dar atopado a data exacta da súa orixe, aínda que existen documentos do século XIX que xa se refiren á grande afección que naqueles tempos tiña o pobo ribadaviense polas bandas de música. Un documento do Concello de Ribadavia dá conta da regularización salarial que se lles fai aos mestres dunha escola de música, fundada unha década atrás, en recoñecemento do seu traballo, transcendencia e repercusión social na vila. Durante os anos a banda divídese e únese por desavinzas políticas, destacando *La Lira* e *La Nueva Lira*, unha liberal e outra conservadora, pero ao pasar dos anos volven converxer na mesma banda que perdura ata a actualidade.

–As mulleres podemos ser todo –respondeulle Frieda con ese acento característico que se nos estaba a facer familiar. Con tan pouco tempo na casa e era xa unha de nós. (…)
–A cousa non é tan sinxela, Frieda. Aquí agora é a Sección Feminina de Falanxe quen di as cousas que as mulleres podemos e non podemos facer. E salvo ser boa nai, boa cociñeira e boa esposa, pouca responsabilidade nos queda –dixo Xulia–. Ah, si a de vestir Santos, coma nós as tres –escachamos a rir e a Frieda houbo que explicarlle o significado da expresión. Non sei se entendu ou non pero tamén riu. (…)
Xulia leu en alto unha propaganda que deixaran as da Sección Feminina de Ourense na cantina: «las mujeres nunca descubren nada; les falta, desde luego, el talento creador, reservado por Dios para inteligencias varoniles. Nosotras no podemos hacer nada más que interpretar, mejor o peor, lo que los hombres non dan hecho.»
–Quedouvos claro, señoritas descarreiradas? –dixo erguendo o dedo.

(páxs. 108-111)

——————————————— Texto 5

Benqueridas tías:

Agardo pola presente que se atopen moi ben. A nosa Nai estivo mal estas dúas semanas, tivo complicacións de saúde pero xa está recuperada. Polo demais, todo ben, coma sempre, grazas a Deus. A prima Rosario mándalle moitos saúdos e descúlpase por non escribir nin chamar ultimamente, andou tamén un pouco delicada de saúde pero nada grave, en dous tres días xa vos vai visitar de novo. O teléfono da estación non está a funcionar moi ben, debeu ser coa treboada, pero chamaremos tan pronto o arranxen. Polo demais, na granxa entrounos o raposo e matou as galiñas todas, ben sabedes que neste tempo, baixan do monte e, como non esteas moi atenta, fanche unha boa desfeita. Quedamos un pouco intranquilas, pero xa tomamos medidas para que non volva suceder. A prima Rosario xa vos conta con calma. Eu con tanto traballo na granxa non sei cando poderei ir, pero que saiban que teño moita gana de velas e de latricar como faciamos antes. O voso licor café é o mellor do mundo! Gárdenme unha botelliña para cando acabe todo este traballo poidamos brindar todas xuntas. Unha aperta e que Deus as garde moitos anos con saúde.
A carta deixoume inqueda. Polo que parece, houbo algunha complicación. Nunca recibiramos este tipo de mensaxes en clave pero vese que usar o teléfono xa non é seguro e o correo convencional, menos. Prima Rosario non temos ningunha, co cal entendo que vai chegar unha muller, e parece que soa. Normalmente veñen de dúas en dúas, ou homes sós; mulleres soas, ata o momento, ningunha. Debe ser ben duro facer unha viaxe así. A saber as que pasaría, de onde virá, que tantas cousas deixará atrás.

(páx. 63)

——————————————————— Texto 7

Hoxe coñecín outros dous homes da rede. A un deles chámanlle o Evanxelista, sorprendeume que falaba en inglés e ata unhas palabras de polaco; é con quen máis podo falar, por cuestións de idioma. Estivo emigrado en Nova York e vendía tabaco polas rúas. Agora ten unha tonalaría a carón da estación. É un home reservado e moi educado. Supoño que fará de enlace cos británicos, non me parece que haxa por aquí moita máis xente que fale inglés. Ricardo, ese é o seu nome, contoume que hai pouco regresou a España. Dixo que aquela cidade tan enorme non era para el, que tiña «morriña» –aprendín esa fermosa palabra que, polo visto, é intarducible– pola súa terra. (…)
Non che acabei de contar destes homes, cando estabamos falando o Evanxelista e mais eu apareceu outro dos colaboradores da rede, tamén taxista como Ricardo, que lle chaman O Calavera, e veu coas indicacións da miña partida. Non sei de quen reciben as novas nin quen os axuda a organizarse, teño curiosidade pero non os quero comprometer, que xa bastante perigo corremos. Espero que, cando todo acabe, reciban todo o recoñecemento que merecen. Xente así son os verdadeiros heroes e heroínas das guerras, os que non levan medallas, nin condecoracións, nin saen nos xornais. Son os resistentes do silencio. Só agardo que no futuro os teñan en conta como se merecen.

(páx. 115-118)

——————————————————— Texto 8

–Quen é? –preguntou Amparo.
–Son Isolina –respondeu a voz da nosa veciña desde a rúa–. Dádesme un pouco de fariña triga? Vou cocer mañá e non me deu tempo a peneirala.
Compoñémonos un pouco para que non se notase a situación e José colleu o coitelo que estaba a usar Frieda para as patacas e púxose el tamén a cortar.
–Caramba, José, así dá gusto. Mirade que ben aprendidiño o tedes; eu, por máis que lle berro ao meu Ramón, non hai maneira... Di que son cousas de mulleres e ao carallo con el.
–Canta fariña queres, Isolina, váleche cun cuartillo? –Amparo cortoulle o parrafeo e estaba xa colléndolle a fariña cando Isolina sentou e baixou de golpe o ton de voz.
–Non quero tal, poñédeme, iso si, unha copa do licor café –dixo chiscando o ollo. Mirou a copa que había de máis, a de Frieda, que estaba mediada–. Eu non sei das vosas cousas, nin me importa. Sodes xente de ben e, con iso, váleme. Áxudastes o meu irmán cando estivo preso, nunca o esquecerei, botástesllе o que lle había que botar daquela, moito valor. E non só con el, con don Benito, coitado, que nada fixera máis que mirar polo ben da vila, co voso cuñado e con todos aqueles que caeron en desgraza. A xente fala, e fala de máis, pero aquí ninguén vos quere mal. Só veño avisarvos de que López estaba o outro día na taberna cuns licores de máis

no corpo e non sei que andaba boureando dos alemáns, que buscaban non sei que cousa dos xudeus, que non están aquí polo volframio, como todos pensabamos. Repito que non teño nin idea, nin quero sabelo, Deus me valla que gana de problemas non teño ningunha. Só vos veño avisar que andedes con ollo. Xa non é a primeira vez que vexo o do nariz bicudo andar por esta rúa dando voltas noite e día. López non, que é parvo perdido, pero ese alemán parece moi astuto, e anda arreo ás voltas pola vosa casa. Tede moito, moito coidado. Eu, xa volo dixen, coma se nada soubese.

(páxs. 113-114)

——————————————— Texto

– Cunetas. Luís Pimentel
¡Outra vez, outra vez o terror!
Un día e outro día,
sen campás, sen protesta.
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños.
Chéganos outro berro.
Señor, ¿qué fixemos?
–Non fales en voz alta–
¿Hasta cándo durará iste gran enterro?
–Non chores que poden escoitarte.
Hoxe non choran máis que os que aman a Galicia–
¡Os milleiros de horas, de séculos,
que fixeron falla
para faguer un home!
Teñen que se encher aínda
as cunetas
con sangue de mestres o de obreiros.
Lama, sangue e bágoas nos sulcos
son semente.

.....

Docemente chove.
Enviso, arrodéame unha eterna noite.
Xa non teréi palabras pra os meus versos.
Desvelado, pola mañán cedo
baixo por un camiño.
Nos pazos onde se trama o crimen
ondean bandeiras pingando anilina.
Hai un aire de pombas mortas.
Tremo outra vez de medo.

Señor, isto é o home.
Todas as portas están pechadas.
Con ninguen podes trocar teu sorriso.
Nos arrabás,
bandeiras batidas i esfarrapadas.
Deixa atrás a vila.
Ti sabes que todos os días
hai un home morto na cuneta,
que ninguén coñece aínda.
Unha muller sobre o cadáver do seu home
chora.
Chove.
¡Negra sombra, negra sombra!
Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,
máis alá da néboa,
máis alá do mar,
máis alá da chuvia,
máis alá do bosque.

O Barrio Xudeu

Do barrio xudeu de Ribadavia aínda persiste o trazado medieval das súas longas e estreitas rúas, os seus recunchos de rúas e prazas, porticadas polos voladizos, e patios rodeados de fachadas polos que non parece pasar o tempo.

Cando o Rey don García I escolleu Ribadavia como capital do Reino de Galicia (1063-1065), deberon chegar os primeiros xudeus a Ribadavia, aínda que se pode dicir que a xudería se formou ao redor dos séculos XII e XIII beneficiada tanto pola instalación de xudeus desde o século X nas veciñas terras de Celanova como pola existencia dun potente grupo de mercadores en Ribadavia desde a concesión do Foro Real por parte de Fernando II en 1164. Moitos xudeus encargábanse da xestión de asuntos financeiros do Señorío e posteriormente do condado de Ribadavia, especializándose na administración de bens e rendas e en diversos oficios artesanais. Tamén destacaron como mercadores de viño.

A **xudería** esténdese entre a praza Maior e a muralla medieval. O seu centro situábase ao redor da **rúa da Xudería** (tamén chamada noutros tempos Rúa da Praza Vella ou rúa da Cruz, como signo da imposición da fe cristiá tras a saída dos xudeus), que une a Praza Maior coa praza da Madalena. Como unha continuidade dos edificios, xa sexa polas rúas ou polos soportais, a pedra é así o elemento sempre presente nesta xudería. Os mercados xudeus situábanse nos baixos das casas que evitaban así a entrada do sol para comodidade dos clientes e para preservar os alimentos. Os balcóns proxéctanse cara á rúa en prominentes saíntes para protexer aos baixos da choiva; ademais, colocaban diante das súas propias portas lousados de pedra a modo de plataformas, elevadas uns centímetros sobre o nivel da calzada, para que a humidade do chan non penetrase nos seus locais.

O lousado da rúa e a preeminencia das pedras nas casas contribúen a darlle ao seu percorrido un forte sinal medieval, á que se suman tamén as tendas de artesanía, en cuxos escaparates destacan diferentes elementos ornamentais xudeus.

Xudeus galegos na Baixa Idade Media[28]

As fontes documentais dispoñíbeis para a comunidade galega, non permiten precisar con exac-titude a data da chegada dos xudeus a Galiza.

A primeira referencia a xudeus vivindo en terras galegas documéntase en Celanova no S. X. Con posterioridade a esta data desaparecen da documentación practicamente todas as referencias a xudeus galegos, a excepción dalgúns datos indirectos a recadadores que, provenientes de Castela, exerceron a súa actividade en Galiza.

As referencias documentais reanúdanse, de novo, no século XIV, chegando no século XV ao seu máximo apoxeo documental, o que nos permite aproximarnos tanto ao censo de xudeus galegos como á súa distribución xeográfica. (…)

Ao longo da historia, os xudeus mantiveron sempre unha tendencia a se agrupar en sectores propios, apartados do resto da pobo-ación, fundamentalmente para garantir a pervivencia do grupo. Este barrio ou zona habitada polos xudeus recibe o nome de



Debuxo da Vila de Ribadavia datado en 1799.

[28] José Ramón Estévez e Gloria de Antonio Rubio, *«Xudeus galegos na Baixa Idade Media»*, *Raigame*, número 11.

xudería. É necesario facer constar que non se debe confundir este termo co de **alxama**. Esta constitúe a institución xurídica que acolle aos xudeus.

Ribadavia estaba na época Baixomedieval totalmente rodeada de murallas que acollían no seu interior a comunidade xudía que alí habitaba e que no século XVIII amosaba este aspecto:

Non se conservou documentación medieval que identifique o lugar exacto onde habitaban os xudeus dentro da cidade, mais a documentación dos séculos XVI e XVII é o suficientemente clara como para poder afirmar que a rúa da xudería localízase na que baixa da Praza Maior cara a igrexa da Magdalena, e que é a actual Merelles Caula, segundo un documento que constaba nos arquivos do mosteiro de Sto. Domingo e que actualmente se guarda no Arquivo Histórico Provincial de Ourense .

Alxamas

Os xudeus organizáronse a xeito de comunidades locais autónomas, semellantes aos municipios, que se denominaron alxamas. As comunidades galegas presentan unha clara particularidade. Esta é que nos documentos fiscais non se fala nunca de alxama, senón que se cita "os xudeus de ...", o que pode ser indicativo dunha menor entidade das comunidades galegas. Porén, na documentación da cancillería rexia, algunha desas comunidades son definidas como alxamas, especialmente a comunidade de Ourense. (…)

A organización interna da alxama sostense gracias a tres alicerces básicos: o Consello, os Tribunais e a Sinagoga.

O Consello

Á cabeza da comunidade estaban "os vellos da alxama", membros das familias máis ricas e influíntes que se xuntaban para nomear os cargos da alxama e para tomar decisións que afectaban a toda a comunidade.

O Tribunal de Xustiza

A alxama contaba cos seus propios tribunais, con competencia exclusiva sobre os membros da súa comunidade. En Ourense disputa entre dúas mulleres da súa comunidade: convocan xuíces especiais, xúntanse na sinagoga, escoitan as partes e condenan aos que consideran culpables.

A Sinagoga

A **sinagoga**[29] é, fundamentalmente, un lugar de oración, mais ten tamén outras funcións moi importantes para a vida da comunidade, como poden ser: centro de reunión, dar acollida ao tribunal da alxama e, sobre todo, ser un centro de estudo do Talmud e a Torah. Esta función de estudo da Torah fai que nalgunha das comunidades galegas a sinagoga reciba este nome, existindo referencias documentais á Torá de Ribadavia e á Torá de Tui, en Pontevedra.

O mesmo que ocorría cos datos sobre a xudería, os datos sobre a sinagoga de Ribadavia proceden todos eles dos séculos XVI e XVII e non deixan ningún lugar a dúbidas sobre a súa existencia.

A localización da sinagoga[30] dedúcese dun foro, feito polo mosteiro de Sto. Domingo, dunha casa situada na rúa da xudería, que di textualmente: *"... la qual dicha casa fue tora de los judios en el tiempo* que solian bebir en la dicha villa..." [31].

O mesmo que a sinagoga de Ourense, tras a expulsión dos xudeus en 1492, a sinagoga foi utilizada como casa e, polo menos desde esta data, pertenceu ao mosteiro de Santo Domingo.

A sinagoga (lugar de reunión, en grego) é o templo xudeu. Está orientada cara a Xerusalén, a Cidade Santa, e nela teñen lugar as cerimonias relixiosas, a oración comunal, o estudo e o encontro. Nas cerimonias lese a Torá. O oficio está dirixido polos *rabinos* axudados polo *cohen* ou neno cantor. A sinagoga non é só casa de oración, senón tamén centro de instrución, xa que nelas adoitan funcionar as escolas talmúdicas. Os homes e as mulleres de época medieval, e tamén hoxe en día, sentan en zonas separadas. No interior da sinagoga atópase:

- O **Hejal**, armario situado no muro este, orientado cara a Xerusalén, no seu interior gárdase o **SeferTorá**[32], os rolos da Torá, a lei sacra xudía.
- O **Ner Tamid**, a chama perpetua sempre acesa ante o Hejal.

---

[29] Lugar de fieis xudeus e lugar de culto e estudios. O termo procede do grego synagoge, que significa lugar de congregación.

[30] Segundo esta noticia histórica, a sinagoga de Ribadavia estivo situada na casa máis próxima á Praza Maior das dúas que formaban a esquina entre a rúa de San Martín e a rúa da Xudería, baixando cara á igrexa da Madalena no lado esquerdo da rúa.

[31] Outros autores sitúana máis adiante, na praza da Madalena.

[32] Texto dos cinco primeiros libros da Biblia.

- A **menorá**[33], candelabro de sete brazos, signo habitual no culto.
- A **Bimá**, lugar desde onde se le a Torá.

Prosperidade arredor ao viño

En 1550 o licenciado Molina, na súa *Descrición do Reyno de Galicia*, bautizou a Ribadavia como a nai do viño en quilate subido. A prosperidade da poboación desde o século X (cando comezou a fornecer a Santiago ante as necesidades do Camiño) ata o XVIII (cando o mercado inglés abandona o ribeiro para pasarse ao porto portugués) está na súa maior parte relacionada co viño. Se os conventos e as casas nobiliarias estiveron fortemente implicados na súa produción, os xudeus tiveron un papel relevante na súa comercialización, que a partir do século XIV se estendeu por Francia, Alemaña, Flandes, Inglaterra ou Italia. Ademais de comercializar o viño, os xudeus tiveron as súas propias viñas e elaboraron a partir das súas uvas o viño cásher[34] necesario para as súas cerimonias. Debido á súa importancia en toda Europa, o viño do Ribeiro está documentado como o primeiro viño que chegou a América segundo se recolle no testamento de Colón.

Rúa da Xudería

Tamén chamada noutros tempos Rúa da Praza Vella ou rúa da Cruz, como signo da imposición da fe cristiá tras a saída dos xudeus, a actual rúa da Xudería arranca da Praza Maior e constitúe o eixo central do antigo barrio hebraico. O lousado da rúa e a preeminencia das pedras nas casas contribúen a darlle ao seu percorrido un forte sinal medieval, á que se suman tamén as tendas de artesanía, en cuxos escaparates destacan diferentes elementos ornamentais xudeus.

Aínda que as primeiras noticias documentais sobre a existencia de xudeus en Ribadavia non aparecen ata 1386, a tradición relaciona a capitalidade do reino de Galicia, no século XI, coa primeira chegada de hebreos á vila. A xudería debeuse de constituír ao redor do século XII, quizá ao redor da concesión por Fernando II do Foro Real á poboación en 1164. Nas obras de Froissard, recompiladas polo barón Kervyn de Lettenhove, recóllese a crónica da toma de Ribadavia, por parte dos ingleses do duque de Lancaster, en 1386, afirmándose que os saqueadores cobraron un gran

[33] Candelabro ou lámpada de aceite de sete brazos, un dos elementos rituais do xudaísmo e así mesmo un dos seus símbolos máis antigos; representaría os arbustos en lapas que viu Moisés no monte Sinaí (Éxodo, 25).

[34] Quere dicir apto e designa o conxunto de leis e normas dietéticas sobre os alimentos considerados puros e que poden ser consumidos segundo a lei xudía.

botín de ouro e prata nas casas dos xudeus en especial, e asegurando que na vila había máis de quinza cens xudeus (é dicir, 1.500 hebreos), o que sen dúbida é unha esaxeración, debido a que en Ribadavia nunca chegou a haber máis de cincuenta familias xudías, o que equivale a unhas duascentas almas. O que si parece certo é que xudeus e cristiáns loitaron xuntos #ante o invasor inglés.

Biblia Kennicot

Nunha das súas salas, o *Centro de Información Xudía de Galicia* habilitou un sistema dixital para poder consultar a afamada **Biblia Kennicot**, o manuscrito xudeu de tema relixioso máis importante de toda a Idade Media en Galicia. O orixinal consérvase en Oxford. Datada na Coruña en 1476, consta de 922 páxinas escritas no primoroso hebreo de Moshé ibn Zabarah, 238 delas fermosamente iluminadas por Josef ibn Hayyim. En 1771 foi adquirida en Inglaterra por Benjamin Kennicot.

A Torá (A Lei)

É o obxecto cerimonial máis importante que relata a historia do pobo xudeu. A *Torá*[35] difunde a Lei escrita en hebreo arcaico dos cinco primeiros Libros da Biblia (o *Pentateuco*[36]): Xénese, Éxodo, Levítico, Números e Deuteronomio.

O rolo, formado de grandes anacos de pergamiño cosidos xuntos, pode chegar a unha altura de ata 80 cm. Está montado en dúas varas de madeira para enrolalo, levantalo e portalo. No costume *askenasí*[37] as manillas destas varas están cubertas xeralmente por coroas ou remates dalgún metal fino. A Torá está atada cunha faixa, lisa ou bordada, que se desata soamente cando se le en público, e está protexida por unha funda, polo xeral bordada. Un pectoral, recordo do que usaba o Sumo Sacerdote, colga desde as manillas sobre a funda. Nas comunidades sefardís o rolo da Torá colócase nunha caixa cilíndrica, vernizada e decorada, envolta cunha faixa. A maioría das caixas son de madeira, pero existen tamén modelos en prata e en ouro. Esta caixa é gardada dentro do Arca.

---

[35] Texto dos cinco primeiros libros da Biblia.

[36] Os cinco primeiros libros da Biblia, que forman a Torá ou lei xudía por antonomasia.

[37] Nome dado aos xudeus procedentes de Jazaria e parte de Turquía, que se asentaron na Europa central e oriental, principalmente en Alemaña, Polonia, Ucrania, Rusia e outros países eslavos da Europa oriental.

O rolo da Torá é tratado coa máxima reverencia aínda quenon é adorado. Non debe ser deixado caer, nin debe ser levado a un lugar impuro. O pergamiño do rolo da Torá non se toca excepto cando é absolutamente necesario. O lector axúdase dun punteiro de madeira ou de prata que ten no seu extremo unha man co índice estendido.

As sinagogas poden ter rolos adicionais; os máis comúns son O Cantar dos Cantares, Rut, Eclesiastés e Ester, que se len publicamente nas festividades do *Pésaj*[38], *Shavuot*[39] (Pentecostés), *Sucot*[40] e *Purim*[41], respectivamente.

O rolo que máis comunmente se atopa despois da Torá é o de Ester, que conta o relato de Purim. Dado que non menciona o nome de Deus, é de menor santidade que os demais rolos e atópase en moitos fogares. Mantense nunha caixa feita de madeira, prata ou outros materiais.

A praza da Madalena

A rúa da Xudería alárgase para dar paso aos soportais da praza da Magdalena, cruzamento de camiños onde conflúen tamén as rúas da Porta Nova de Arriba, San Martiño e Santiago, ademais da veciña praza de Buxán. A igrexa da Magdalena, do século XVIII, dá nome a esta praza situada no corazón do barrio xudeu, ocupando o lugar onde antes estivo a igrexa de San Xes, no século XII.

Praza de Buxán

Pegada á praza da Magdalena, a praza de Buxán forma un amplo miradoiro asentada sobre a mesma muralla. Segundo se mira cara ao río, á esquerda, ábrese a porta Falsa ou Postigo, unha das tres que se conservan das cinco que houbo na fortificación medieval, e que pon en comunicación o recinto intramuros co río Avia e o antigo muíño; as outras dúas son a porta Nova, que xorde máis adiante no itinerario, e a porta da Cerca, fronte á alameda, nas proximidades do castelo.

---

[38] Pascua xudía.

[39] Festa das semanas, conmemora a entrega da Torá a Moisés no Sinaí.

[40] Festa dos tabernáculos ou das cabanas.

[41] Sortes, festas xudía arredor da historia da raíña Esther.

Punto 7 – Tafona da Herminia

Na **Tafona da Herminia**, Herminia enforna pastas típicas hebraicas segundo a receita tradicional: bocadiños de améndoas, *kamisch-broit* (elaborados con noces ou améndoas), *mamul* (con froitos secos, pétalos de mapoula e auga de azar), *ma'amul* (crema de dátiles e auga de rosas), *ghorayebah* (fariña integral de abelá), *mostachudos* (noces e cravo de cheiro), bocadiños de dátiles (dátiles e noces), *kupferlin* (fariña integral de améndoa), *kijelej de mon* (sementes de mapoula), masiñas de mapoulas (sementes de mapoula e esencia de vainilla) e cardamomo (améndoas e cardamomo) son as súas principais especialidades, xunto con ricas rosquillas que reproducen estrelas de David e outros detalles.

Algúns dos ingredientes chegan importados directamente desde Israel. Neste momento é o único establecemento onde poden atoparse con certas especialidades de galletas elaboradas segundo a receita típica hebraica.

——————————————— Texto 1

Desde que don Aristides nos propuxera formar parte da rede, non pasou unha semana que non chegasen homes, mulleres e crianzas onda nós en busca de refuxio e traslado cara a Portugal. A meirande parte eran xudeus, e xa nos afixeramos a facerlles comida que puidesen comer, sen porco nin marisco. A ver, marisco en Ribadavia non entrara desde antes da guerra, de non ser para paparotas que facían os da Falanxe, que agora eran os que mandaban na vila, xunto coa Garda Civil e o cura. Xulia conseguiu un libro de receitas de sobremesas sefardís que había na biblioteca vella e, cos melindres, coce uns pasteliños ben saborosos de sementes de papoula, abelá e mel, cando damos conseguido os ingredientes, claro. Chámanse ***mamules*** *pero nós chamámoslles «papoulos» para non levantar sospeitas, temos que andar con moita cautela. O outro día o cabo López veu tomar, coma sempre, o licor café de balde e coller melindres ás mancheas para levar para a casa, e notou que había algúns doces distintos:*

–Ai, Lola, non sei que lles botades aos melindres ultimamente, pero saben a auga de colonia, aghh, non che me prestan nada. Facédeos coma sempre e deixádevos de caralladas e de experimentacións. Por certo, dáme aí uns paquetiños de Sical, que ando escaso de efectivos.

Eu póñolle boa cara e doulle o que teño. Que vou facer? Eles fan que non ven cando chega o café de Portugal e eu déixolles aos estraperlistas que o garden na cantina. Unha vez López deixoume caer que para manterlle a boca calada tiña que

facerlle «certos favores» e apalpoume o cu coa man aberta. Ata aí podiamos chegar, ese bocalán noxento non me volvía poñer a man enriba, aos meus anos. Torcinlla con tanta forza que case lla arrinco de vez.

–Que forza tes, Lola, e que mal talante. Es brava e revirada, non me estraña que ninguén quixera casar contigo –e cuspiu no chan ollando para min con cara de burla e moi oufano–. Non te preocupes que non me interesas para nada. Non quero vaca vella tendo xovencas a moreas só con mover un dedo.

Nunca me volveu tocar o repugnante ese, pero a peaxe da ousadía teño que pagala ben cara, mínimo cinco quilos de café ao mes. Cústame un mundo conseguilos pero convenme ter o paspán ese de man e que a Garda Civil desconfíe de nós o menos posible. Se chegan sequera a sospeitar o que temos montado…

Xulia e Amparo tamén lle rin as grazas, míranos de fronte a López e aos demais, para non levantar sospeitas. Teñen que ver que estamos tranquilas aínda que morramos de medo por dentro. Xamais andamos en cousas da política, o único que fixemos sempre foi axudar a quen o necesitaba, sen mirar a quen votaban ou as ideas que tiñan.

(paxs. 51-52)

——————————————— Texto 2

Günter observaba, ese era o seu punto forte. Observaba os trens que viñan de Madrid, de Vigo, de Monforte, os que ían a Ponferrada. Non detectou movementos estraños, de non ser o que traficaban a pequena escala. Pero si se decatou de que Xulia ía levar o pan ao forno da rúa do Xuíz Viñas todas as mañás a iso das sete, que ás 9:30 xa o tiña cocido e o levaba ao tren das 9:45h. Que os martes, os xoves e os sábados facía uns docen e ía deixando ao seu paso un ronsel de aroma a azucre e anís. Que outros días os doces ulían a azar e auga de rosas. Que lle gustaba cantaruxar cando andaba pola rúa e pensaba que ninguén a estaba a ver.

(páxs. 125-126)

Punto 8 – Casa Natal de Ángeles Gulín[42]

María de los Ángeles Gulín Domínguez nace en Ribadavia (Ourense), o 14 de febreiro de 1939, cuarta das seis fillas de Antonio Gulín Rodríguez, director da banda local, e de Juana Domínguez Rodríguez. As circunstancias políticas de posguerra impulsan a seu pai a deixar a localidade e agocharse en Rebordechán (Pontevedra). En 1947, ante as difíciles condicións económicas da familia, o señor Gulín marcha a Uruguai, desde onde, dous anos despois, envía pasaxes para a súa muller e tres das súas fillas (Toñita, Carmen e Marisa).

Quedan en Galicia, cos avós maternos, Ángeles, á que na casa chamaban Paloma, que ten entón dez anos; Lucila, de 19 (que tamén se dedicará ao canto) e Rosa (Chola), de 15. En 1951 as tres embarcan en Vigo no barco francés *L'année* con destino a Montevideo, onde a súa nai e o seu pai tiñan un negocio de alimentación.

Ángeles estuda solfexo e canto co seu pai, que a anima a matricularse no conservatorio da capital uruguaia; alí fórmase coa profesora Carlota Bernhard (cantante austríaca de orixe xudía que se instalara no país fuxindo da barbarie nazi).

En decembro de 1959, co nome artístico de 'María de los Santos Gulín', debuta con grande éxito interpretando á Raíña da Noite de *A frauta máxica* de Mozart no Ateneo de Montevideo, papel ao que seguirían Gilda de *Rigoletto* de Verdi, Rosa de *Maruxa* de Vives e o papel homónimo de *Mariña* de Arrieta.

Nesas representacións coñece ao barítono Antonio Blancas, que chegara ao país en 1953. Casarán o 10 de maio de 1963. Tras unha tempada en Montevideo, o matrimonio viaxa a São Paulo na procura dun futuro no mundo do canto. Apenas tres meses despois, no outono de 1964, deciden trasladarse a Madrid.

O director do Teatro da Zarzuela, Joaquin Deus, ofrécelle a Antonio entrar na compañía cun soldo de 500 pesetas diarias. O feito de que, se quedaban en España, el tería que facer o servizo militar, sumado a que, tras el gañar o segundo premio no concurso Viñas de Barcelona, recibira unha oferta da ópera de Braunsweig, leva a que tomen a decisión de mudarse a Múnic. Instálanse provisionalmente en dúas residencias de estudantes afastadas entre si. Así permanecen durante oito meses nos que, dado que a oferta de traballo quedara en nada, ela traballa como limpadora nun restaurante e el nunha fábrica de produtos fotográficos.

[42]http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1100&autor=%25C1ngeles%2520Gul%25EDn

En setembro de 1965 Blancas gaña o Concurso de Canto de Múnic. Ao ano seguinte ofrécenlle un contrato para o teatro Deutsches Oper am Rhein de Düsseldorf, que desta volta si se materializa. Ao pouco, o 3 de abril de 1966, nace en Múnic a única filla, Ángeles, que permanecerá cos seus pais ata 1970, momento en que ten que comezar os seus estudos e pasa a vivir coa súa familia paterna.

Unha audición proporciónalle a Ángeles Gulín a posibilidade de debutar en abril de 1967 como soprano do ballet *El sombrero de tres picos* de Falla, no coliseo de Düsseldorf, baixo a batuta do director Rafael Frühbeck de Burgos. Iniciase así unha colaboración ininterrompida con este director, este teatro e mais o seu xemelgo de Duisburg, co que comparte espectáculos.

En abril de 1968, Ángeles obtén o primeiro premio no concurso Voci Verdiane de Busseto. O galardón ábrelle as portas dos grandes teatros italianos. Comeza entón unha etapa en que a cantante viaxará por toda Europa e América compartindo escenario con outras e outros grandes cantantes da época, como Del Mónaco, Bergonzi, Domingo, Pavarotti, Lavirgen, Carreras, Raimondi, Gedda, Ludwig, Talvela, Estes, Freni, Cossotto, Bumbry ou Caballé. Baixo a batuta de directores como Carlo Maria Giulini, Jesús López Cobos, Georges Prêtre, Lorin Maazel ou Ottavio Ziino; en teatros como La Fenice de Venecia, San Carlo de Napoli, Covent Garden de Londres, San Francisco Opera, Metropolitan de Nova York, Liceu de Barcelona ou Teatro Real de Madrid.

En maio de 1970 recibe, xunto a Plácido Domingo, a Medalla de ouro do Círculo de Belas Artes de Madrid.

Entre os seus innumerables compromisos internacionais a soprano sempre atopa tempo para volver a Galicia. Actúa en numerosas ocasións en Vigo e nas tempadas dos Amigos da Ópera coruñeses. Visita con frecuencia Ribadavia, lugar onde pensa reconstruír a súa casa natal, entón en ruínas, e mesmo montar espectáculos líricos, algo que nunca fará. O 8 de setembro de 1988, o Concello de Ribadavia noméaa 'Filla predilecta', nun acto que contou coa presenza do seu gran amigo o tenor Pedro Lavirgen e no que cantou o coro da vila, o seu home Antonio Blancas e a propia soprano a pesar do seu estado de saúde. Á localidade volverá tamén para gravar o capítulo do programa de RTVE *Estrellas de la Ópera* dedicado a ela.

Ángeles Gulín tiña desde a súa mocidade unha insuficiencia renal, que foi empeorando coa idade. En 1982 sofre un agravamento do seu estado, ata o punto de que, cantando

Macbeth en Oviedo, cae desmaiada no medio da cabaletta 'Or tutti sorgette'. As sesións de diálise ocupan unha gran parte do seu tempo e os doutores recomendan unanimemente o transplante. O número das súas actuacións diminúe drasticamente. A operación realízase o 12 de abril de 1986. En febreiro de 1987 a soprano volve ao escenario do Teatro da Zarzuela de Madrid, onde cun éxito extraordinario con Monserrat Caballé, Eugeni Nesterenko e Giorgio Meerighi realiza cinco funcións de *Mefistofele* de Boito. O 2 de xullo canta no Festival de Granada, nun concerto dedicado a Falla. Máis tarde é convidada a cantar *Turandot* de Puccini no Festival pucciniano de Torre do Lago en Italia. Durante un dos ensaios, a artista cae ao chan por mor dun derrame cerebral, que lle produce unha hemiplexía lateral. Tiña 48 anos.

Con enorme forza de vontade e o apoio da familia, aprende de novo a andar e a valerse por si soa. Ante a imposibilidade de volver aos escenarios, comeza unha nova andaina como profesora de canto no seu domicilio, e como empresaria, creando co seu marido e con Francisco Alonso unha sociedade de representación artística, coa que acabarían organizando representacións de zarzuela e concertos líricos. Participa así mesmo como xurado en distintos concursos líricos.

O 9 de maio de 1993 sobe por última vez a un escenario, con motivo da homenaxe realizada ao seu amigo, o tenor Pedro Lavirgen, para interpretar a aria 'A vergine degli Angeli' de *A forza do destino* co Coro Monteverdi.

A saúde da cantante deteriórase progresivamente e o 10 de outubro de 2002, Ángeles Gulín Domínguez falece en Madrid.

Punto 9 – Taberna do Papuxa

O Papuxa é unha taberna moi típica de Ribadavia situada na Porta Nova de arriba. Unha das particularidades que ten esta taberna, é que o cliente chega, senta ou queda de pé e sérvese el mesmo. Hai variedade de produtos para comer, desde chourizos, salchichóns e latas en conserva variadas, ademais de xamóns e viño do Ribeiro, de colleita propia.

Unha vez que o cliente se serve e goza da estancia debe informar o dono e dicirlle que foi o que consumiu. *«Aquí ninguén controla a ninguén, todo vai con boa fe. O que queira enganar é libre de facelo, alá a conciencia de cada quen».*

Existe un dito popular sobre o túnel existente debaixo da adega que din que comunica coa desembocadura do río Avia co río Miño, que era que na época na que os reis católicos expulsaron aos xudeus que vivían na vila de Ribadavia, estes escapaban por este túnel para non ser capturados.

——————————————— Texto 1

Cando chegaron ao cuartel da Garda Civil, dixéronlles que López estaba na ***taberna do Papuxa****, a súa segunda casa. Que vergonza, pensou Gúnter, Un corpo de seguridade na tasca en horas de traballo. Así lles ía ao país. Jörg seguiulle a graza ao cabo que estaba no cuartel, rexoubando un cacho os dous. Falaba bastante ben o castelán. O idioma local, segundo Jörg, era parecido ao portugués, que coñecía grazas á muller que o criara de neno, cando destinaran o seu pai a traballar en Buenos Aires, despois da Gran Guerra. (…)*

–Déixate de parvadas, Jörg, a saudade é de mexericas. Aquí estamos ao que estamos. Imos á taberna a ver que nos di López. Non me gusta como nos miran estes gardas. Nótaselles á legua que están afeitos a ser a única autoridade aquí. Non lles presta nada vernos no seu terreo, pero han de colaborar con nós queiran ou non. (…)

Xusto ao dobrar pola rúa da ***Porta Nova****, deron de fociños co López, que saída da taberna:*

–Bo día, meu herren. *Como lles vai a xornada por esta nosa terra española do Caudilllo? –dixo acabando de mastigar un anaco de pan con chourizo que traía na man.*

–Hail, Hitler! –contestoulle Günter moi rexo, para imporse diante del.

–Arriba España! Viva Franco! –López ergueu o brazo con tanto ímpeto que lle saíu o chourizo disparado, que moito lle prestou a un can fraco que pasaba por alí. Günter permaneceu impasible e Jörg aguantou a risa. López, como se non pasase nada–. Aquí saúdade así, fagan favor, señores, que están nos nosos dominios. Pero non imos discutir, convídoos a un licor café na cantina da estación. O do Papuxa non é malo pero o da estación, moitísimo mellor. Mandámoslle un grolo e falamos con calma, caramba, que son os nosos convidados. Igual non empezamos con moi bo pe, herr vostedes, pero sómoslles os mellores anfitrións. Aínda que o noso Caudillo e o voso Führer non chegasen a un acordo en canto á guerra na súa reunión nas Vascongadas, temos moitas cousas en común.

(páxs. 77-79)

——————————————— Texto 2

–Que teima teñen vostedes cos xudeus, caramba. Aquí, botámolos fóra nos tempos dos Reis Católicos, hai máis de catrocentos anos e santo remedio, nunca máis volveron. Nós si que o fixemos ben. E mire que nesta vila había ben deles, acá pola ***Porta Nova*** *empezaba o seu barrio. Había ata* ***sinagoga*** *e todo, un lugar ben bonito. Se quere, dígolle a un sobriño meu, que está na Falanxe e sabe moito de historia, que os leve a dar unha voltiña.*
–Moitas grazas pero non, non queremos saber dos xudeus de hai 400 anos, queremos saber dos que están a fuxir cara a Portugal, nunha rede ben organizada desde o norte de Europa. Sospeitamos que hai altos cargos diplomáticos implicados, tamén de España e Portugal, e parécenos incrible que vostedes non atopasen nada raro nestes meses. Por forza tiveron que vir ata acó os seus enlaces... –Jörg reproducía o que Günter lle indicaba.
–A ver como llo digo sen que lle pareza mal. Non quero ser maleducado pero asegúrolle que vostedes andan moi equivocados. Aquí pode haber estraperlo co café, co carallo ese de volframio que a vostedes tanto lles presta, con tabaco... migallas, señores. Pensan que imos ter unha rede de espías diante das nosas caras. Mal saben vostedes que aquí non se move unha folla sen que nós o saibamos, señores herren. Temos esta xentiña ben a raia, dígollo eu. Os roxos e os rebeldes onde van, acabamos con eles hai xa case catro anos, como moito queda algún agachado no monte, pero han morrer de fame se non damos nós antes con eles. Fixemos unha boa limpa desa merdalla roxa. Non se move unha rata sen que eu me decate, iso pódollo asegurar. E do pouco que non nos apercibimos, temos xente na vila axexando e informándonos de todo movemento estraño. Temos a veciñanza ben agarraa polos collóns, non sabe o que se chega a facer por medo... Fágame caso, aquí non hai onde rañar.

(páx. 80-81

Rúa da Porta Nova de Abaixo

A rúa da Porta Nova de Abaixo, que discorre en paralelo á muralla, marcando o seu *adarve*[43], é sen dúbida unha das máis fermosas da xudería. No conxunto rítmico e harmónico das casas que conforman intégranse tamén pequenos azulexos, como o da casa número 10, que ratifica a filiación sefardita de Ribadavia, ou a estrela de David que sinala o número 27, nunha fermosa casa popular que mostra o nivel orixinal da rúa e que loce balconada de madeira.

Rúa da Porta Nova de Arriba

Desde o arco da Porta Nova, a rúa da Porta Nova de Arriba se interna de novo na xudería, sen perder un chisco do sabor pechado e medieval do conxunto. No cruzamento desta rúa coa travesía de Porta Nova sitúase A Tafona da Herminia, un forno especializado en dulcería sefardita, onde non faltan os obxectos tradicionais, traballos de encaixe de palillos nin a conversación de Herminia, a propietaria, unha das máis entusiastas defensoras da tradición hebrea na vila.

Porta Nova

Ao final da rúa da Porta Nova de Abaixo ábrese o arco da Porta Nova, que conserva parte do seu perfil ameado e permite o acceso desde a vila ata o río Miño, polo camiño da Baixada a Barca. Aquí establécese o límite sur do barrio xudeu.

Segundo algúns autores, a muralla xa protexía a vila no século XII, ampliándose entre os séculos XIV e XV. A súa demolición iniciada en 1832 e por mor de dificultades económicas xamais se finalizou na súa totalidade.

[43] Camiño de ronda sobre unha muralla ou paralelo a ela. Nas cidades islámicas medievais é o camiño sen saída que conduce a casas privadas e que está pechado na súa entrada.

Castelo dos condes de Ribadavia

Sen dúbida o castelo dos condes de Ribadavia xogou un papel decisivo na historia de Galicia pois foi unha das súas maiores fortalezas medievais. O castelo representa aínda con gallardía, a pesar do paso dos séculos, unha parte fundamental da historia da vila. Levantado sobre a anterior igrexa e torre de San Xes, como lembra a necrópole que se inclúe no conxunto, datada entre os séculos IX e XII, o castelo construíuse no século XV como símbolo do poder dos Sarmiento, señores de Ribadavia.

Desde o miradoiro da cheminea pódese ver ao sur a desembocadura do río Avia no Miño, ao oeste, na parte superior, o magnífico conxunto monumental de San Domingos dos séculos XIII- XV- XIX, e ao norte unha panorámica da vila co amplo val do Avia.

Coa última restauración levada a cabo, o castelo abriu novos espazos que ensinan a organización interna, os diferentes niveis de construción para defensa e gozo que a fortaleza posuía, destacando os restos da antiga torre de San Xes, o depósito de auga ou estanque, as adegas e restos da horta e xardín.

O escudo dos trece roeles, repartido por toda a poboación, é o mellor testemuño do vínculo secular entre os señores de Ribadavia e a vila, o seu símbolo maior deixa de ser o castelo para partir do século XVII, cando a casa se traslda ao palacio da Praza Maior.

Punto 10 – Minas de volframio de Santa Marta

Traballadores nunha mina de wolframio nos anos 40 /venustastu.wordpress.com

O **volframio** (**tungsteno** no mundo anglosaxón) é o elemento químico de número atómico 74, que se encontra no grupo 6 da táboa periódica. O seu símbolo é **W**. É un metal escaso na cortiza terrestre. Encóntrase en forma de óxido e de sales en certos minerais. De cor gris aceirada, moi duro e denso, ten o punto de fusión máis elevado de todos os metais e, xunto co renio, o punto de ebulición máis alto de todos os elementos. É un material estratéxico e estivo na lista de produtos máis cobizados desde a segunda guerra mundial.

O volframio en Galicia

O industrial inglés John James Rosewarne, que vivía en Zas, comezou a explotar minas en 1878 en Carballo, onde chegou con traballadores escoceses. En xullo de 1908 escribiulle ao cónsul alemán na Coruña, Paul Meyer, que exercía como espía. Na carta informábao de que procuraba ouro e volframio en Galicia e en Cespedosa del Tormes (Salamanca). En 1911 estaba á fronte da *The Eureka Explorate Syndicate*. Tempo despois funcionaban minas de volframio en Varilongo (Santa Comba), Monte Neme (Carballo) e a costa ferrolá, e explorou vetas en Vila (Santa Comba), Mazaricos, Corcoesto e San Martiño de Meanos (Zas). En Valdoviño Rosewarne atopou arsénico, titanio, ilmenita, ferro, estaño, prata e caolín. As investigacións de John James Rosewarne serviron de proveito científico a Luis Antelo e Isidro Parga Pondal. A chegada da Primeira guerra

mundial en 1914 parou o desenvolvemento da minaría de volframio, se ben empresarios franceses puxeron interese en minas descubertas por Rosewarne en Soneira, Xallas e a zona de Ferrol. En 1922 adicouse á extracción de caolín en Laxe.

Durante a **Segunda guerra mundial** o réxime franquista apoiou a Alemaña Nazi e destinou presos políticos ás minas de San Fins (Lousame), Ponteceso, Fontao (Vila de Cruces) ou Casaio (Carballeda de Valdeorras)[44]. Nos portos de Vigo, Vilagarcía e Balarés (Ponteceso) embarcábase o volframio con destino a Alemaña, mais existía contrabando fomentado polo Reino Unido para evitar que chegase aos nazis.

A extracción de volframio en Galicia deixou unha forte pegada cultural, que se viu reflectida en varios libros: Ribeiro, A. (1944): *Volfrâmio;* Caba Landa, C. (1947): *Wolfram, wolfram. La diplomacia en la bocamina;* Fariña Jamardo, X. (1977): *La balada del wolfram;* de Valenzuela, R. (1980): *Era tempo de apandar;* Guerra Garrido, R. (1984): *El año del wolfram;* Freixanes, V. (2010): *Cabalo de ouros;* Carré, H. (2011): *Febre;* Blanco Ramos, C. (2016): *O volframio en Varilongo. Santa Comba de Xallas (1941 - 1963);* e filmes como *A memoria nos tempos do wolfram* (2003) e *Lobos sucios* (2016).

Na aldea de San Paio traballáronse catros minas de volframio. Estas tiñan os nomes de Eloísa, Rara, Angelita e Esperanza. Comezaron as primeiras extraccións no ano 1905 coa axuda de enxeñeiros belgas e ingleses que ao comezar a primeira guerra mundial cesaron coa actividade. Despois de finalizar a guerra civil aumentou a actividade mineira nos montes de San Paio. As minas viñan sendo explotadas desde o ano 1938 pola empresa Montes de Galicia S.A. (empresa mixta xermano-española), sendo esta actividade mineira controlada polo Conde de Argillo (o seu fillo Cristóbal Martínez Bordíu estivo casado coa filla de Franco).

A estrada das minas finaliza no afluente do Miño e Avia. O mineral era transportado en camións ata a zona da Barca. Aí eran cargados en barcos para a subministración do exército alemán de Adolf Hitler. Desde outubro do ano 2008 o monte coa denominación Couto, Foz e Montes das Minas é monte veciñal en man común dos veciños das aldeas de San Paio e Santa Cristina de Ventosela.

[44] https://historiadegalicia.gal/2017/02/os-sufrimentos-dos-500-escravos-republicanos-nunhas-das-minas-mais-altas-de-galicia/

Texto 1

Aturar, aturaba case de todo. Pero esta calor estáballe a custar soportala. Se abría moito a fiestra do tren entráballe o po da máquina e non podía chegar a Ribadavia co uniforme todo sucio. Non sabía que tiña a paisaxe que corría detrás do vidro, que lle facía lembrar á súa infancia en Bremen, na terra da súa nai. As cores eran ben semellantes, ou polo menos iso lle pareceu desde a primeira vez que viñera, no 1939. Esta era a súa cuarta visita en catro anos. Non lle gustaba admitilo nin sequera para si mesmo, pero saír de Alemaña e da guerra, aínda que fose por unhas semanas, reconfortábao. A primeira vez que viñera a esta parte de España fora coa Wehrmacht e a Luftwaffe, acompañando a garda de seguridade de von Richthofen[45] a Vigo na despedida da Lexión Cóndor. Aínda gardaba un recorte de xornal daquel día. Nesa viaxe coñecera os xerentes das empresas alemás que estaban na rexión a extraer volframio e as outras dúas veces viñera para vixiar que toda a transacción co valiosísimo metal se facía correctamente. Estábanse a detectar irregularidades; os ingleses ofrecíanlles aos paisanos locais máis cartos por quilo, tentando evitar que o volframio chegase ao exército alemán. Era un elemento imprescindible para o seu armamento e cumpría alguén de confianza. Enchérao de orgullo ter esa responsabilidade.

---

[45] **Wolfram Freiherr von Richthofen** (10 de outubro de 1895 - 12 de xullo de 1945) naceu en Barzdorf, agora Bartoszówek en Polonia. Era membro da familia aristocrática von Richthofen e primo de Manfred von Richthofen (Barón Vermello). Durante a Primeira Guerra Mundial serviu na cabalería, e en 1918 solicitou o seu pase á aviación. Foi destinado á Jasta 11, ao mando do seu parente, e ao final da guerra gañou o título de As. Ingresou na Luftwaffe en 1933 como asistente especializándose na técnica do bombardeo rasante. En **1936 foi enviado a España,** como **Xefe do Estado Maior da Lexión Cóndor** na Guerra Civil. Foi o **responsable do bombardeo de Guernica**. Regresou a Alemaña e volve de novo a España en **1938** asumindo o **mando da Lexión Cóndor**. Foi condecorado por Franco. Na Segunda Guerra Mundial interveu no ataque a Varsovia, na Campaña de Creta, participou no bombardeo de Belgrado en 1941. Foi o encargado de apoiar as forzas alemás en Francia, Italia, Grecia e logo na Operación Barbarroja. Cando o exército foi cercado en Stalingrado estivo a cargo da ponte aérea para abastecelos. Foille detectado un tumor cerebral en 1944 que o fixo solicitar o retiro. Morreu o 12 de xullo de 1945 no hospital militar de Bad Ischl (Austria), sendo prisioneiro dos estadounidenses.

–Ninguén vixía como vostede –dixéralle o mesmísimo Heinrich Müller. Se hai alguén que está a roubar, ou a desviar os fondos, ou a xogar a dobre banda co inimigo, sen dúbida é vostede quen de detectalo. O volframio é indispensable para os nosos exércitos, para o noso armamento, e no noroeste de España téñeno a esgalla. A misión vén directamente do Führer, que o saiba, Schöder. Non nos pode defraudar. Gañar a guerra pode depender dese metal, non o esqueza. Hail, Hitler!
–Hail, Hitler!

(páxs. 14-15)

——————————————— Texto 2

–Non lle vexo eu a Franco moita gana de facer unha III República, nin esta guerra de Europa moitas trazas de acabar –ao Calavera tremíalle a voz–. Non lembrades cando pasaron os alemáns da Lexión Cóndor por Ribadavia, camiño de León, a festa que levaban? E co volframio que temos por aquí, non saen de Galicia os fillos de puta. A duascentas pesetas pagan o quilo en Lobios e en Casaio oín dicir, que manda truco. Aquí en Santa Marta tamén se cotiza ben, que ata andan os cativos á roubeta en vez de iren á escola... Que ganas de meterlles o volframio polo cu e que lles rebente o corpo a todos eles.
–Das nosas minas extraen o metal co que fan os tanques e as armas para matar esta xente toda. Desde o goberno, aínda lles dan as grazas por viren. E a veciñanza, a gañar o carto a custa da morte allea. Férveme o sangue só de pensalo, xúrovolo que non sei que lles facía…
–Non sexas así, José. O que hai é moita fame e moita miseria.
–E moita ignorancia, Lola. Ou acaso non saben para onde vai esa merda?
–Aquí pouco se sabe e todo se imaxina. Nós temos a radio de galega e levamos escoitando moito a BBC e, nestes dous últimos anos, a Pirenaica. Se non a ver de que leria sabiamos o que está a pasar fóra. Nos xornais e no NO-DO só se fala do fútbol e do ben que está España, como se non resto do mundo non estivese a pasar nada.

(páx. 55-56)

——————————————— Texto 3

O licor café baixáballe pola gorxa e dáballe unha sensación de conforto. A xente na estación mirábao con curiosidade e respecto. Non era tan rato, desde que os alemáns descubriran a abundancia de volframio nas minas galegas, ver de cando en vez soldados do exército alemán na zona, de camiño a Casaio, Lobios ou Santa Marta, pero que estivesen aló tanto tempo… cheiraba a corno queimado.

(páx. 75)

——————————————— Texto 4

A ver se marchan o carallo dos nazis estes que me teñen a comandancia revolta, non fan máis que amolar con preguntas e máis preguntas. Pensan que son o

embigo do mundo e trátannos como se fósemos parvos. Que ganas de que lisquen, sigan coa súa guerra e nos deixen en paz. Era o momento de intentar averiguar se a súa presenza tiña algo que ver con nós.
–E logo, que lles pica, López? Seguen co volframio ás voltas? Mándao para a Santa Marta, que hai ben del. Leva alá a empresa alemá, esa que lle chaman para disimular Minas de Ribadavia, *máis de vinte anos. Non sei, igual pensan que temos ouro tamén debaixo destas pedras. Pois é o que lles falta, que levanten o castelo e que o transporten a cachos para Alemaña, se lles parece que teñen xa levado pouco da nosa terra.*
–O castelo, tes cada cousa… Nin imaxinas o que andan a buscar, parvadas deles, non me fagas falar que me enveleno. Cousas de novelas de espías que ti non entenderías, Loliña, pero estes alemáns están moi todos, deberon de ir ver o filme ese de El 13 / 13[46] *e ocórreselles cada cousa…*

(páxs. 85-86)

Texto 5

Parolaron un bo cacho e eu entendín a conversa aos poucos pero estaban preocupados porque os alemáns seguían aínda na vila e, polo que lles dixera a veciña, na procura dalgunha pista da rede. Polo que me explicou José, os alemáns andaban moito nesta terra –nunca o pensaría– porque era rica en volframio, un metal esencial para o armamento. As minas de Santa marta, as máis próximas a Ribadavia, non son as máis cobizadas, polo que me teñen contado nestes días, na extracción do metal. Será certo que están á nosa procura? Teño moito medo de darlle o gusto a eses ruíns da verme presa.

(páxs. 118-119)

[46] ***El 13-13*** é unha película do ano 1943 dirixida por Luis Lucia con Rafael Durán, Marta Santaolalla, Alberto Romea, Ramón Martori, José Prada, Fernando Porredón, Luis Peña, Cristina Yomar, Fortunato Bernal e Santiago Rivero. O guión é de Concha Gullón, Bernaldo Sáez, Luis Lucia. Música de José Ruiz de Azagra. Fotografía de Willy Goldberger. Duración: 71'.
Berta, a axente 14-14, é un dos mellores activos cos que conta o Servizo Secreto, pero a súa probada eficacia sempre queda ensombrecida polo éxito do axente estrela, o 13-13. Certo día Berta atopa un vello amigo e namoran. El sabe quen é ela, pero ela descoñece que o home que ama é o axente 13-13.

Punto 11 – Frieira

José Manuel García Peruyera, último supervivente español de Mauthausen

Unha mañá de 1941 Lola achegouse a Francisco Estévez mentres descargaba un vagón de ladrillos xunto ao seu fillo na estación e preguntoulle:

«Cando ides de pesca? Necesito que me fagades un favor. Teño aquí unha persoa que quere pasar a Portugal, pero non quere facelo en tren nin por estrada».

Non fixo falta máis palabras porque sen preguntar nada se comprometeron a axudala. Esa mesma madrugada ás 4, Francisco e Ramón Estévez acudiron á casa de Lola armados coas súas canas de pescar. Na despedida Lola dálle un abrazo e catro moedas. Déronlle unha cana e dixéronlle que non falase. Marcharon á beira do Miño e botaron a andar toda a noite. Ninguén podía sospeitar debido a que era normal que os pescadores saísen a esas horas en busca dun sustento para matar a fame.

Francisco quedou atrás mentres o seu fillo e o estranxeiro aceleraban o paso. Horas máis tarde chegaron a Frieira, aldea que linda con Portugal. O alemán preguntoulle ao rapaz se lle importaba que se quitase a roupa e ao responder este que non, dobrouna e atouna á cabeza co cinto do pantalón. Díxolle a Ramón, *«lembrareite toda a vida, amigo»* mentres lle daba un duro de prata alfonsino. Botouse á auga alcanzando pouco despois a beira portuguesa. No antebrazo levaba tatuado o número 451 e dixo que se chamaba Abraham Bendayem.

Texto 1

Non son quen quitar da cabeza a ollada daquel home cando contaba, comendo a sopa e treméndolle as mans, coma seus pais e irmáns foran gaseados no ***castelo***

*de **Hartheim**[47], levados desde **Mauthausen**[48] para o seu exterminio. **Abraham Bendayam** chegara á estación porque escoitou falar que aquí había unha muller que axudaba os xudeus a pasar a fronteira a Portugal. Vino sentado na estación, levaba alí a tarde toda, cos ollos azuis cravados no chan e un abrigo que non era do tempo. Menos mal que os gardas non repararan nel e puiden facelo pasar á casa. Grazas ao pouco castelán que falaba o home e a que Ricardo nos traducía do inglés e do polaco que tamén chapurreaba puidemos saber da súa historia, malia que hai cousas que era mellor non saber. Non puiden pegar ollo nunha semana despois de oír as atrocidades que contou.*

*Dixo que os trataban peor ca ás bestas. Non falaba moi ben pero entendíaselle de sobra. Dixo «gas» e dixo «morte» e dixo «nenos e mulleres». Eu non sei que lles pasa aos homes nas guerras, transfórmanse e convértense en monstros. Daquela tivemos que pedirlle axuda a **Ramón Estévez** que, co fillo, nos axudou a pasalo para Portugal, por Frieira e Ponte Barxas, andando polas vías do tren facendo que ían pescar. Ramón non preguntou nada nin nada a cambio pediu, só bisbou: «Fareino». O fillo contounos despois que Abraham co seu corpiño, espido, dera cruzado o río pola parte mais baixa atando a roupa nun fardelo na cabeza para non mollala. O neno amosounos unha moeda que lle dera o home antes de se ir e contounos que, ao chegar á outra beira do río, fixéralle o aceno de abrazalo e movendo os beizos, sen falar, berroulle en silencio «Grazas, amigo». Que será del... queira Deus, o seu deus ou o que for, que chegase á fin da viaxe.*

(páxs. 24-25)

---

[47] O **Castelo de Hartheim** era un dos locais máis usados polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial para matar deficientes físicos e mentais, negros e anciáns. Este complexo funcionou entre 1940 e 1941, e neste período asasinaron aproximadamente 18.200 persoas.
http://medicinayholocausto.blogspot.com/2012/05/el-castillo-de-hartheim-centro-de.html

[48] O **campo de concentración de Mauthausen** (dende o verán de 1940, **Mauthausen-Gusen**) foi un grupo de 49 campos de concentración nazis situados ao redor da localidade de Mauthausen en Austria, aproximadamente a 20 quilómetros de Linz. O campo foi establecido o 8 de agosto de 1938, e foi o 5 de maio de 1945, baixo o mando de Franz Ziereis cando foi liberado, pola 41º Escuadra de Recoñecemento da 11º División Acoirazada do Exército dos Estados Unidos. A diferenza de moitos outros campos de concentración, Mauthausen foi usado sobre todo para a exterminación de intelectuais, xente culta e membros das clases máis altas dos países dominados por Alemaña. Ata comezos de 1940, o grupo máis numeroso de internos compúñase de socialistas alemáns, homosexuais e romaneses. En 1940 un gran número de polacos foi trasladado ao complexo, na súa maioría artistas, científicos e profesores. Dende o 6 de agosto de 1940 tamén houbo grupos de españois que foron transferidos provenientes dos Stalags ou campos de prisioneiros de guerra. Tratábase de exiliados españois que, tras saíren de España en 1939, foran encadrados no Exército francés e que no momento da invasión de Francia pola Wehrmacht foron capturados. En total entre 1940 e 1945 pasaron por Mauthausen e ós seus subcampos preto de 8000 españois, dos cales faleceron ao redor de 6.000.

Punto 12 – Ponte Barxas

A ponte internacional de Ponte Barxas fotografado desde a beira española en 1924/ J. Solá

S. Gregório (Melgaço), no início do século XX

Posto dos carabineiros españois e entrada a España por Ponte Barxas en 1924 / J. Solá

Ponte Barxas é un lugar da parroquia de Padrenda no concello ourensán de Padrenda na comarca da Terra de Celanova. Está situado á beira do río Barxas ou Troncoso, facendo fronteira con Portugal a través dunha ponte ata a aldea de São Gregório (Cristóval, Melgaço).

O río Troncoso ou Barxas marca a fronteira hispano-lusa entre a provincia de Ourense e o municipio de Melgaço, e ten un paso obrigado en Ponte Barxas, unha pequena aldea de Padrenda que ten unha ponte internacional que une ambas beiras desde hai século. Aquí houbo unha aduana ata que en 1992 entrou en vigor o Acordo de Schengen, que establece a libre circulación de persoas na Unión Europea. Ao outro lado atópase a aldea portuguesa de Sao Gregorio.

O 26 de abril de 1935 inauguráronse a ansiada estrada internacional, que enlazaba a española co novo tramo que unía Sao Gregorio con Melgaço, e a nova ponte varios metros augas arriba da antiga; por fin se facía moito máis cómodo o paso fronteirizo. Ao parecer, a antiga e pintoresca ponte de madeira foi destruída durante a Guerra Civil española.

Texto 1

Prepareille un fardel con mudas de muller, uns boliños dos que lle gustan, os de améndoas e azar, que lle lembraban os que facía a súa avoa. Tamén lle dei de sorpresa un caderno de partituras do casino, de Pascual Veiga e Marcial del Adalid, dous compositores galegos, para que non se esqueza de nós. Metinlle tres pesos de prata, como ao resto, para o que puidese precisar. (…)

Ás cinco en punto chegou Ricardo co coche. Nós

estabamos como mouchas, coa nosa parola. (…)

Ricardo petou na porta catro veces, era o sinal para indicar que non había ninguén na rúa e que agardaba co coche uns metros máis para adiante. A lúa estaba chea esa noite, parecía día da luz que daba. A casa quedou en silencio. Só se escoitaba o tictac do reloxo de Frieda, agora na miña man.

–Lembra, se nos atopamos con alguén, que non creo, di que imos pescar salmóns. Co acento forte que tes, mellor que fales o menos posible. Eu direi que es un amigo dos meus tempos da emigración en América, que traballas no Kaolino en Vigo, e que estás de días libres.

–Kaolino? Iso que é? –preguntou Frieda.

–O barco que usan para trasladar o volframio desde as minas de Varilongo, máis ao norte. Espero que non nos paren porque a documentación dancha xa na parte portuguesa, non chegou a tempo. Vai ser moi raro que a Garda Civil estea por aquí, se é que os alemáns están a piques de marchar, segundo escoitaches. Estará López contento coma un cuco de ter a vila toda para mangonear ao seu antollo, como ata o de agora –o Evanxelista seguiu conducindo en silencio.

Fixeron o camiño sen cruzar unha palabra, por Portalaxe, Francelos e Prexigueiro, O Surreiro, Filgueira, O Agro, O Pazo, O Tarendo, A Quinta, A Pousa, O Rial, Sendelle e Nane. Ata chegar a Frieira non se atoparon con ninguén, agás dous lobos que se lles cruzaron diante e que lles deron un susto de morte, cos seus ollos tremelucindo na noite. Pararon o coche onde a tenda de ultramarinos e saíron a andar, coas canas de pescar ao lombo.

–Espero que a auga do río non che estea moi fría... Xa sabes, tes que espirte, gardar a roupa no fardel e atalo á cabeza para poder nadar. O río Miño, por esta parte, xúntase cun pequeno afluente, o Barxas, e preto de onde conflúen non é excesivamente perigoso cruzar a fronteira a nado, pero hai que ter coidado. As pontes están moito máis vixiadas, sen dúbida por aquí é a opción máis segura. É mellor seguires vestida con roupas de home ata novo aviso, unha muller soa no medio da noite... pode pasar calquera cousa. As fronteiras están cheas de sorpresas, Frieda... Toma, douche o meu pucho, leva comigo desde antes de ir a América e sempre me deu sorte. Con el e coa roupa que levas parecerás talmente un home. Vaiche ser máis doado así, xa verás…

–Moitas grazas, Ricardo. Non te preocupes. En Holanda aprendín que con pantalóns a vida é moito máis fácil. Agardo que pronto deixe de ser así. Pola auga, non te preocupes. Atravesei Suíza polos Alpes, con ríos xeados de non sentir as pernas.

–Entón polas augas non me preocupo, isto vai ser coma un baño nas termas de Prexigueiro para ti.

–Non as probei. Para a próxima visita. Daquela dominarei mellor a vosa lingua –dixo pronunciando cada palabra devagar.

–Pero se xa pareces de aquí! Pódoche facer de manager na túa xira europea como directora de orquestra mundialmente famosa. Xira que empezará, por suposto, nas festas de San Xoán de Ribadavia cos músicos da Lira, xa me dixo Amparo…
Botáronse a rir, sen facer ruído. (…)

Frieda espise ás présas, meteu a roupa no fardel e atouno na cabeza para cruzar a nado. A distancia non era moita, era boa nadadora. Sentiu a auga frío no corpo e un arrepío percorreuna de arriba a abaixo ao sentir voces e un segundo disparo. (…)
Devía manter a tranquilidade e non entrar en pñanico. (…) Unha nube cubriu, por un momento, a lúa chea e nadou, con todas as forzas. Non lle dera tempo a espirse de todo, como lle dixera Lola, para evitar ter a roupa mollada, só a quitar os pantalóns e a camisa. Os calzóns longos non lle daban moita capacidade de manobra pero nadou todo o rápido que puido, como lle aprendera a súa nai nos veráns en Volendam. Desta vez, co fardel atado á cabez. Sentiu cambras nunha perna pero impulsouse igualmente coas mans. Chegou á outra veira e vestiu os pantalóns por riba dos calzóns molaldos, escorreu a camisa e puxo o pucho que lle dera Ricardo.

Estirou un pouco a perna para que reaccionase e sentiu un asubío a uns metros de onde ela estaba. Eran os gardas da fronteira que saíran como da nada detrás dunha árbore. Frieda quedou paralizada co medo e non foi quen nin de poñer as mans en algo. Os dous gardas mirárona e, lonxe de apuntala coas súas armas, usábanas para indicarle o camiño, para indicarlle a rúa que había de seguir.

–Vai embora, vai lá embora, corre…
(…)
A liberdade cheiraba a follas de carbalo e a piñeiro, e a terra mollada polo orballo. Nese intre, amenceu.

(páxs. 135-145)



Lamas de Abade, s/n.
15702 Santiago de Compostela
A Coruña.
Teléfono: 981522411
Correo electrónico:
cafi.linguascooficiais1@edu.xunta.es
cafi.linguascooficiais2@edu.xunta.es

CAFI